CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 04 DE XANEIRO 2010-

Na Casa do Concello, sendo as 14:10 horas do día 04 de xaneiro 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez.

Interventora: D.ª Monica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1º.- URBANISMO. DEVOLUCIÒN DE GARANTÍAS.

2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS. REQUERIMENTO DE XUSTIFICACIÓN OFERTA ECONÓMICA MARTÍNEZ MONTES E HIJOS S.L..

3º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

4º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. URBANISMO. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

1.1.- Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 18/12/2009 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia de D.JUAN JOSE SANTOS GARCÍA, en representación de MONTELNOR SDAD COOPERATIVA LTDA., presentada no Rexistro Xeral deste Concello en data 06/03/2009, con nº 1.601 pola cal insta a esta Entidade á devolución do avaL presentado como garantía das obras de construcción de 134 metros de canalización, 3 arquetas tipo e pedestal para armario de interconexión en A Ramallosa, por importe de 300€

Visto o informe favorable á devolución formulado polo Arquitecto Técnico Municipal D. Luis Javier Castro Martínez , de data 16/12/2009.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º) Aprobar a devolución do aval de 300€ a MONTELNOR SDAD. COOPERATIVA LTDA.

2º) Dar conta do presente acordo aos Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

Teo, 18 de decembro de 2009.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1º) Aprobar a devolución do aval de 300€ a MONTELNOR SDAD. COOPERATIVA LTDA.

2º) Dar conta do presente acordo aos Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

1.2.- Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 18/12/2009 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia de D.JUAN JOSE SANTOS GARCÍA, en representación de MONTELNOR SDAD COOPERATIVA LTDA., presentada no Rexistro Xeral deste Concello en data 20/05/2009, con nº 4.146

pola cal insta a esta Entidade á devolución do aval presentado como garantía das obras de canalización e instalación de 2 postes en Sestelo, por importe de 400€

Visto o informe favorable á devolución formulado polo Arquitecto Técnico Municipal D. Luis Javier Castro Martínez , de data 16/12/2009.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º) Aprobar a devolución do aval de 400€ a MONTELNOR SDAD. COOPERATIVA LTDA.

2º) Dar conta do presente acordo aos Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

Teo, 18 de decembro de 2009.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1º) Aprobar a devolución do aval de 400€ a MONTELNOR SDAD. COOPERATIVA LTDA.

2º) Dar conta do presente acordo aos Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

1.3.- Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 21/12/2009 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia de D.JUAN JOSE SANTOS GARCÍA, en representación de MONTELNOR SDAD COOPERATIVA LTDA., presentada no Rexistro Xeral deste Concello en data 06/03/2009, con nº 1.600 pola cal insta a esta Entidade á devolución do aval presentado como garantía das obras de canalización de 75 metros en Nespereira e O Aido, por importe de 200€.

Visto o informe desfavorable formulado polo Arquitecto Técnico Municipal D. Luis Javier Castro Martínez , de data 16/12/2009, debido a que a reposición do pavimento da estrada non está correctamente executado.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º) Denegar a devolución do aval de 200€ a MONTELNOR SDAD. COOPERATIVA LTDA. Correspondente ás obras de 75 metros de canalización en Nespereira.

2º) Dar conta do presente acordo aos Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

Teo, 21 de decembro de 2009.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1º) Denegar a devolución do aval de 200€ a MONTELNOR SDAD. COOPERATIVA LTDA. Correspondente ás obras de 75 metros de canalización en Nespereira.

2º) Dar conta do presente acordo aos Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS. REQUERIMENTO DE XUSTIFICACIÓN OFERTA ECONÓMICA MARTÍNEZ MONTES E HIJOS S.L..

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 30/12/2009 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

*Visto o expediente de contratación tramitado mediante procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración, para adxudicar as obras incluuídas no **PCC/09** de **"ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS"** por importe de TRES CENTOS VINTE E CINCO MIL NOVE CENTOS VINTE E SETE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (325.927,88 €), dos que 280.972,31 € corresponden ao valor estimado do contrato e 44.955,57 € ao IVE.*

*Considerando que a Mesa de Contratación, na súa reunión de 29/12/2009, formulou proposta de adxudicación a favor da empresa **MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L**., por ser a empresa que obtivo a maior puntuación, advertíndolle ao órgano de contratación que a proposición pode considerarse con valores anormais ou desproporcionados, polo que se deberá proceder de acordo co establecido na cláusula 15.2.3 do Prego de cláusulas administrativas.*

Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da LCSP en relación co Decreto da Alcaldía de 03/07/2007(nº257/2007) e a cláusula15.2.3.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Solicitar á empresa MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L., para que, no prazo de cinco días, xustifique a súa oferta económica, acompañando a documentación á que se refire a cláusula 15.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares, por considerar que fai unha oferta desproporcionada, xustificando suficientemente, a citada empresa, os prezos ofertados.*

Segundo..- *Notificar o presente ao interesado, aos efectos oportunos.*

En Teo, a 30 de decembro de 2010

O Alcalde

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Solicitar á empresa MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L., para que, no prazo de cinco días, xustifique a súa oferta económica, acompañando a documentación á que se refire a cláusula 15.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares, por considerar que fai unha oferta desproporcionada, xustificando suficientemente, a citada empresa, os prezos ofertados.

Segundo..- Notificar o presente ao interesado, aos efectos oportunos.

3º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde **A Secretaria**

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 18 DE XANEIRO DE 2010-

No Centro Sociocultural da Ramallosa (sede provisional da Casa do Concello por estar en obras a Casa Consistorial), sendo as 13:20 horas do día 18 de xaneiro de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez.

Non asiste, previa excusa:

D.ª Carme Hermida Gulías

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. CONTRATACIÓN.

1.1.-ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE OBRAS DE "ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA FOLGUEIRAS"

2. APROBACION DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE TEO E A SOCIEDADE DE AGRICULTORES DE CALO

3. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

4. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto.

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade dos presentes, e co quorum da maioría absoluta, acordouse a inclusión na orde do día do seguinte asunto:

1. CONTRATACIÓN.

1.1.-ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE OBRAS DE "ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA FOLGUEIRAS".

A continuación pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día que, segundo a convocatoria e a inclusión acordada, son os seguintes:

1. CONTRATACIÓN.

1.1.-ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE OBRAS DE "ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA FOLGUEIRAS".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 18/01/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación mediante procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración, instruído como consecuencia da Providencia da Alcaldía de 05/10/09, para adxudicar as obras de ***"ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS"*** *por importe de 325.927,88 €, dos que 280.972,31 € corresponden ó valor estimado do contrato e 44.955,57 € ó IVE* ***TRES CENTOS VINTE E CINCO MIL NOVE CENTOS VINTE E SETE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (325.927,88€),*** *IVE engadido, incluída no PCC/09.*

Considerando que, tal e como se desprende do informe do encargado do Rexistro Xeral de 04/12/09, presentaron oferta as seguintes empresas:

- *MANTIDO, S.L., rexistro de entrada número 11.402*
- *AQUAGEST, rexistro de entrada número 11.412*
- *EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., rexistro de entrada número11.421*
- *LORVICON, S.L., rexistro de entrada número 11.425*
- *CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L., rexistro de entrada número 11.449*
- *DAGO, S.A., rexistro de entrada número 11.452*
- *EXOGA, S.L., rexistro de entrada número 11.458*

- *CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L., rexistro de entrada número 11.459*
- *EXCAVACIONES OVIDIO, S.L., rexistro de entrada número 11.461*
- *TRANSPORTES Y MAQUINARIA, C.P., S.L., rexistro de entrada número 11.465*
- *MARTINEZ MONTES E HIJOS, S.L., rexistro de entrada número 11.469*
- *XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., rexistro de entrada número 11.473*
- *CONSTRUCCIONES SANGIAO, S.A., rexistro de entrada número11.474*
- *ROYMER OBRA CIVIL, S.L., rexistro de entrada número11.475*
- *TUNOR CONSTRUCCIONES Y OBRAS PÚBLICAS, rexistro de entrada número 11.476*
- *OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA), rexistro de entrada número 11.483*
- *CONSTRUCCIONES ALDASA, S.L., rexistro de entrada número 11.571*
- *HORDESCON, S.L., rexistro de entrada número 11.572*
- *IBERSILVA, S.A., rexistro de entrada número 11.573*
- *BELYPA CONSTRUCCIONES, S.L., rexistro de entrada número 11.574*
- *GRUPO CONSTRUNOR, rexistro de entrada número 11.575*
- *COBRA, rexistro de entrada número 11.576*
- *CANARGA, S.L., rexistro de entrada número 11.577*
- *FERORSA, rexistro de entrada número 11.578*
- *CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L., rexistro de entrada número11.579*
- *MARCO OBRAS Y PROYECTOS, rexistro de entrada número 11.580*

Considerando que foron admitidas á licitación todas as empresas por ter presentada a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que se seguiron tódolos trámites establecidos legalmente.

Considerando que a Mesa de contratación, na súa reunión de 29/12/09, en aplicación do establecido na cláusula 15.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, acorda rexeitar a proposición presentada pola empresa HORDESCON, S.L., por comportar erro manifesto no seu importe.

Considerando que, aplicados os criterios de valoración previstos no Prego de cláusulas administrativas particulares, e sumada á puntuación obtida polas restantes empresas licitadoras nas "Referencias técnicas" e nas "Ofertas económicas" a puntuación total das empresas é a seguinte:

EMPRESA	***SOBRE "B"***	***SOBRE "C"***	***TOTAL PUNTOS***
CONSTRUCCIONES OÑIAL S.L.	*49,17*	*11,763*	***60,933***
Excavaciones y Obras Públicas Galicia S.L. (EXOGA S.L.)	*49,50*	*26,677*	***76,177***
EXCAVACIONES OVIDIO S.L.	*51,50*	*37,004*	***88,504***
TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P. S.L.	*35,67*	*23,208*	***58,878***
MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L.	*52,17*	*40,000*	***92,170***
XESTÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L	*48,17*	*24,347*	***72,517***
CONSTRUCCIONES SANGIAO S.A.	*25,00*	*36,695*	***61,695***
ROYMER OBRA CIVIL S.L.	*41,00*	*22,268*	***63,268***
TUNOR Construcciones y obras públicas. S.L.	*27,33*	*4,513*	***31,843***
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. (OVIGA)	*46,17*	*28,342*	***74,4512***
DAGO S.A.	*38,50*	*22,882*	***61,382***
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	*51,33*	*36,436*	***87,766***
AQUAGEST	*49,17*	*23,663*	***72,833***
MANTIDO S.L.	*48,67*	*31,365*	***80,035***
MARCO, Obras y proyectos	*50,67*	*21,371*	***72,041***
VARELA VILLAMOR S.L.	*50,17*	*18,865*	***69,035***
FERORSA	*50,31*	*35,217*	***85,527***
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	*51,59*	*33,042*	***84,632***
LORVICON S.L.	*35,50*	*32,770*	***68,270***
ALDASA S.L.U.	*50,67*	*17,797*	***68,467***
CANARGA S.L. construcciones.	*49,17*	*20,063*	***69,233***
COBRA instalaciones y servicios S.A.	*47,67*	*4,399*	***52,069***

GRUPO CONSTRUNOR ESTRUCTURAS S.L.	*31,33*	*0,548*	***31,878***
BELYPA CONSTRUCCIONES S.L.	*40,67*	*18,267*	***58,937***
IBERSILVA S.A.	*44,17*	*28,159*	***72,329***

*Considerando que a Mesa de Contratación formula proposta de adxudicación a favor da empresa **MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L**., por ser a empresa que obtén a maior puntuación, advertíndolle ao órgano de contratación que a proposición pode considerarse con valores anormais ou desproporcionados, polo que se deberá proceder de acordo co establecido na cláusula 15.2.3 do Prego de cláusulas administrativas.*

Considerando que se lle solicita á empresa MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L., que acredite documentalmente a xustificación dos prezos ofertados, por considerar que fai unha oferta desproporcionada, xustificando suficientemente, a citada empresa, os prezos ofertados de acordo co informe emitido polos servicios técnicos.

Considerando o disposto nos artigo 135 e 138 Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).

Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da LCSP en relación co Decreto da Alcaldía de 03/07/2007(257/2007).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Adxudicar provisionalmente a obra de **"ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS"** á empresa **MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L.,** CIF nº B-15025372, con estrica suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, por importe de **DOUS CENTOS VINTEUN MIL SEIS CENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (221.629,60 €),** IVE incluído, (191.060,00 € de valor estimado do contrato, mais 30.569,60 € de IVE).*

***Segundo**.- Fixa-la garantía definitiva do contrato na cantidade de 9.953,00 €, correspondente ao 5% do importe de adxudicación, IVE excluído, que terá que constituír o contratista no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante do Concello de Teo. Durante este prazo, o adxudicatario deberá igualmente presentar a documentación á que se refire o art. 135.4 da LCSP.*

***Terceiro**..- Notificar o acordo de adxudicación provisional aos licitadores e publicalo no perfil do contratante do Concello de conformidade co previsto no artigo 135 da LCSP, non podéndose elevar a definitiva a presente adxudicación provisional, ata que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte ao da súa publicación no citado perfil.*

En Teo, a 18 de xaneiro de 2010

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a obra de **"ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS"** á empresa **MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L.,** CIF nº B-15025372, con estrica suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, por importe de **DOUS CENTOS VINTEUN MIL SEIS CENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (221.629,60 €),** IVE incluído, (191.060,00 € de valor estimado do contrato, mais 30.569,60 € de IVE).

Segundo.- Fixa-la garantía definitiva do contrato na cantidade de 9.953,00 €, correspondente ao 5% do importe de adxudicación, IVE excluído, que terá que constituír o contratista no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante do Concello de Teo. Durante este prazo, o adxudicatario deberá igualmente presentar a documentación á que se refire o art. 135.4 da LCSP.

Terceiro..- Notificar o acordo de adxudicación provisional aos licitadores e publicalo no perfil do contratante do Concello de conformidade co previsto no artigo 135 da LCSP, non podéndose elevar a definitiva a presente adxudicación provisional, ata que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte ao da súa publicación no citado perfil.

2. - APROBACION DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE TEO E A SOCIEDADE DE AGRICULTORES DE CALO.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 15/01/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o convenio de colaboración subscrito o 09/11/2009 entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Teo para a financiación da realización da obra de "Adecuación de área recreativa nos terreos da Sociedade de Agricultores e Gandeiros de Calo".

Visto o proxecto de ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA NOS TERREOS DA SOCIEDADE DE AGRICULTORES E GANDEIROS DE CALO, redactado por Carbajo y Barrios. Arquitectos Asociado S.L..

Considerando que a Sociedade de Agricultores e Gandeiros de Calo, na asemblea extraordinaria de socios que tivo lugar o dous de xaneiro de 2010, acordou a cesión de uso durante 50 anos da finca rústica con referencia catastral nº 15083B508051760000SM. nº 5176 do polígono 508 da parroquia de Calo, ao Concello de Teo para construír un área recreativa, facultando ao seu presidente, D. Javier Cebey López, para asinar o convenio que regule dita cesión.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE TEO E A SOCIEDADE DE AGRICULTORRES E GANDEIROS DE CALO, que se incorpora como anexo á presente, aceptando a cesión e asumindo os compromisos recollidos neste convenio.*

Segundo*.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do Convenio e para a realización das actuacións necesarias para a efectividade do presente acordo.*

ANEXO

"CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE TEO E A SOCIEDADE DE AGRICULTORES E GANDEIROS DE CALO"

(.....)

En Teo, a 15 de xaneiro de 2010

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE TEO E A SOCIEDADE DE AGRICULTORRES E GANDEIROS DE CALO, que se incorpora como anexo á presente, aceptando a cesión e asumindo os compromisos recollidos neste convenio.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do Convenio e para a realización das actuacións necesarias para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

"CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE TEO E A SOCIEDADE DE AGRICULTORES E GANDEIROS DE CALO

Na Casa do Concello de Teo, a...de.....de 2010,

COMPARECEN

Dunha parte D. Martiño Noriega Sánchez, con DNI 44.805.518-T, Alcalde-Presidente do Concello de Teo, na representación legal que lle confire o artigo21.1.b) da Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E outra parte D. Javier Cebey López, con DNI nº 33.256.906-X, actuando como Presidente en nome da "Sociedad de Agricultores y Ganaderos de Calo"

Ambos os dous comparecentes, nas representacións que ostentan, recoñécense a competencia e capacidade para obrigarse e outorgar o presente convenio e

EXPOÑEN

***Primeiro**.- Que a "Sociedad de Agricultores y Ganaderos de Calo" é a propietaria de dúas fincas situadas na parroquia de Calo, unha urbana con referencia catastral nº 001400700NH34A0001RX, (lugar de Iglesia S/N) e outra rústica con referencia catastral nº 15083B508051760000SM, de 8566 m2 de superficie (parcela nº 5176, polígono 508)*

***Segundo**.- Que a finca nº 5176 do polígono 508 descrita no apartado primeiro na actualidade utilízanse como aparcadoiro, polo que está desaproveitada.*

***Terceiro.**- Que o Concello de Teo ten previsto, mediante convenio coa Deputación Provincial de A Coruña financiar a construción dunha area recreativa na parroquia de Calo, en base ao proxecto redactado por CARBAJO Y BARRIOS ARQUITECTOS ASOCIADOS, S.L., con un presuposto de execución por contrata de 240.317,48 €*

***Cuarto**.- Que na Asamblea Extraordinaria da "Sociedad de Agricultores y Ganaderos de Calo" celebrada o 02 de xaneiro de 2010, foi aprobada a cesión de uso durante 50 anos da finca rústica nº 5176 do polígono 508 da parroquia de Calo, ó Concello de Teo, para construír a area recreativa proxectada, facultando ó seu Presidente, D. Javier Cebey López, para asinar o presente convenio.*

***Quinto.**- Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 18 de xaneiro de 2010, acordou aceptar a cesión, asumindo os compromisos recollidos neste convenio.*

*De acordo co exposto, as partes **ACORDAN** asinar o presente convenio de acordo coas seguintes*

CLAUSULAS

***Primeira.**- A "Sociedade de Agricultores y Ganaderos de Calo" cede ó Concello de Teo, gratuitamente e libre de cargas, o uso e disfrute da parcela nº 5176 do polígono 508 da parroquia de Calo, descrita no expositivo primeiro deste documento, para destinala a area recreativa.*

***Segunda.**- A cesión acordada no presente documento será por un período de 50 anos a partir da data de sinatura do convenio, e en tanto se manteña a finalidade para o que se fai a cesión.*

Transcorrido este tempo, a cesión poderá renovarase anualmente sempre e cando non haxa denuncia previa por algunha das partes, que deberá realizarse con seis meses de antelación.

Terceira.*- O Concello de Teo comprométese a realizar as obras necesarias para acondicionar a parcela como area recreativa, responsabilizándose da conservación e uso das instalacións durante a vixencia do convenio.*

Cuarta.*-. A "Sociedade de Gandeiros mantén o uso exclusivo da finca urbana descrita no expositivo primeiro deste documento, (referencia catastral nº 001400700NH34A0001RX).*

Quinta.*- En todo o non previsto no presente convenio, estarase ó disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, e supletoriamente na Lei de Patrimonio das Administracións públicas, Código Civil e demais disposicións de caracter xeral de aplicación.*

Sétima.- *O presente documento deberá formalizarse en escritura pública e inscribirse no Inventario de Bens da entidade local e no Rexistro da Propiedade*

Lido este documento, e en proba da súa conformidade, asinan ambas as dúas partes en triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O Alcalde,	*O Presidente da Sociedad de Agricultores y Ganaderos de Calo*
Martiño Noriega Sánchez	*Javier Cebey López"*

3. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4. - ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde	**A Secretaria**
Martiño Noriega Sánchez	Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 26 DE XANEIRO DE 2010-

No Casa do Concello de Teo, sendo as 13:15 horas do día 26 de xaneiro de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D. Andrés Fernández Martínez

D. Angel Manuel Rey Martínez.

Non asiste, previa excusa: D.ª Carme Hermida Gulías

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora: D.ª Monica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz., que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.

2. LICENZAS DE ACTIVIDADE.

3. FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL.

4. PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes, acorda, por delegación da Alcaldía, segundo Decreto de data 03/07/2007 (nº 257/07), publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007, conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ GARCÍA, licenza para construción de un galpón e un cerre de finca, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico forestal Jorge Couceiro Dorelle, na finca nº 695 do plano de concentración da parroquia de Cacherias, en Penelas.

Expediente núm: 1.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

Galpón:

-Axustarase a normativa vixente, dando cumprimento das condicións de retranqueo mínimo de 5 m. a lindeiros e 8 m. ao eixe da pista pública.

-Altura máxima 3.50 m.

-Pendente máxima da cuberta 80%.

-Superficie máxima 25 m^2

-Será obrigatorio empregar tella do país, segundo o artigo 104.c) da Lei 9/2002, para harmonizar coa paisaxe. As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Executarase de acordo co proxecto presentado, dando cumprimento das condicións do art. 42 da Lei 9/2002 e empregando materiais tradicionais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

Cerre:

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Dará cumprimento das condicións de cerre en solo rústico que indica o artigo 42.1c da Lei 9/2002, sendo a altura máxima da parte opaca de 1,00 metros e o resto do cerre con materiais tradicionais do medio rural.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 236,95 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 296,95 euros.

1.2. A D. ANTONIO FERREIRO UZAL, licenza para construción de un cerre entre lindeiros de 40 ml., na finca que sinala na solicitude en Cornide, parroquia de Calo.

Expediente núm: 2.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Dará cumprimento das condicións do informe de Patrimonio, rematando mediante reboco continuo e pintado de branco, sen piares de reforzo intermedio.
-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 24,89 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 84,89 €.

1.3. A D. DIEGO FERREIRA VÁZQUEZ, licenza para construción de un cerre de 22 ml., polo fronte da finca, na estrada AC-841, PK 7+800, con base de bloque de 60 centímetros, postes e reixa en A Ramallosa, parroquia de Lucí.
Expediente núm: 3.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e darase cumprimento da normativa para cerres en solo urbano de acordo coa normativa vixente.
-Os frontes do cerre poderán estar constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,30 m. no punto máis alto por razóns de pendente.
-A altura máxima do cerre será de 2,20 metros.

-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 13,69 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 73,69 €.

1.4. A D. JOSÉ RÍO COUSELO, licenza para obras de retellado dunha nave existente de 500 m^2, para evitar entrada de augas, en Reborido, segundo plano de situación, parroquia de Calo.
Expediente núm: 4.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Non se modificará o volume e o sistema constructivo actual da edificación, e as obras non afectarán á estructura do edificio.
-Darase cumprimento do artigo 9 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.
-Dará cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 311,10 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 371,10 euros.

1.5. A D. CARLOS FERNÁNDEZ CALO, licenza para obras de retellado da vivenda de 125 m^2, en Requián, nº 1, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 5.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma. Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías tradicionais.

-Darase cumprimento do artigo 9 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Será obrigatorio empregar tella do país, segundo o artigo 104.c) da mencionada Lei, para harmonizar coa paisaxe. “A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das

edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo".

-Dará cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 77,78 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 137,78 euros.

1.6. A Dª. Mª DE LOS ÁNGELES MOSQUERA PEQUENO, licenza para obras de afirmado de rampa de acceso de 40x2 metros dentro da finca e plataforma de 5x12 metros no fronte da finca en aglomerado, finca nº 153 de Regoufe, parroquia de Luou.

Expediente núm: 6.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-As obras serán as mínimas necesarias para os usos permitidos na finca e a unha distancia mínima de 5 metros ao eixe da pista pública sen alterar o uso do predio. Para obras incluidas no

artigo 33.1.a) da Lei 9/2002, darase trámite previo regulamentario de acordo co artigo 41 da mesma Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmante vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 50,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 110,00 euros.

1.7. A Dª. MARÍA LOURDES FUENTES SIGUEIRO, licenza para obras de reparación de canalización que fecta a 1 m^2 de pista pública en Raris, ao pé da estrada Vilar de Calo-Pontevea, segundo plano de situación que acompaña.

Expediente núm: 7.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Repoñerá o pavimento en perfectas condicións, respetando as canalizacións e servizos urbanísticos existentes na zona.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 60,00 euros.

1.8. A D. JOSÉ CASTIÑEIRAS CREGO e Dª. VICTORIA NIEVES MONTOIRO, licenza para modificación de escritura de obra nova e división horizontal na finca nº 156 de Calo, segundo datos da solicitude presentada o 4.12.2009, rexistro de entrada nº 11737 .
Expediente núm: 8.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Realizarase de acordo coa solicitude presentada o 4.12.2009, rexistro de entrada nº 11737, procedendo no mesmo acto á cesión do terreo para ampliación de viais que se indica, coincidindo coa aliñación oficial que sinala o planeamento.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.
Total: 120 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA.

1.9.- Dada conta do escrito asinado por **D. JUAN PORTO RODRÍGUEZ**, de data 18.01.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 329, no que solicita prórroga da licenza que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.07.2009, expediente 184/09, para construción

dunha vivenda unifamiliar en Catro Camiños, parroquia de Cacheiras; visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal en data 20.01.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes, acorda, por delegación da Alcaldía, segundo Decreto de data 03/07/2007 (nº 257/07), publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007:

1º) Conceder a D. JUAN PORTO RODRÍGUEZ (expte. P-1/2010), en base ao artigo 197.2 da Lei 9/2002, a prórroga solicitada por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado (seis meses).

2º) Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

2. LICENZAS DE ACTIVIDADE

LICENZA DE APERTURA –INÓCUA CON PUBLICACIÓN

2.1.- Dada conta do escrito asinado por **D. FERNANDO GARCÍA NOVO,** en representación de **FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN**, de data 3.12.2009, con rexistro de entrada no Concello núm. 11676, no que solicita licenza para o establecemento dun CENTRO DE FORMACIÓN, a emprazar en A Póboa, s/n, parroquia de Cacheiras.

Visto o proxecto presentado, asinado polo arquitecto técnico Luis Villar Folla-Cisneros, visado no colexio correspondente, así como a certificación técnica de solidez e seguridade, incluida no proxecto, a acta de comprobación de data 25.01.2010 redactada polo arquitecto municipal e o arquitecto técnico municipal e asinada pola representante da empresa Dª. Inmaculada Viejo Gómez para o inicio da actividade; e demais documentación obrante no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes, acorda, por delegación da Alcaldía, segundo Decreto de data 03/07/2007 (nº 257/07), publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007:

1º) Conceder a D. FERNANDO GARCÍA NOVO, en representación de FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN (expte. AP-22/09) a licenza que solicita, facendo responsable ao propietario do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

2º) Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe grupo 932.1, por importe de: 93,00 euros.

LICENZA DE APERTURA –CORRECIÓN DE ERRO.

2.2.- Visto o escrito asinado por **D. CARLOS ANTONIO JORGE SILVA**, de data 20.01.2010, con rexistro de entrada número 413, no que solicita a corrección do erro detectado, en canto ao novo titular, no texto da licenza de cambio de titularidade expte. CTE-4/09, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21/12/2009.

Considerando o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes, acorda, por delegación da Alcaldía, segundo Decreto de data 03/07/2007 (nº 257/07), publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007:

1º) Rectificar o erro detectado no acordo citado da Xunta de Goberno Local, correxíndose o nome do novo titular cuxa licenza de cambio de titularidade se solicita que aparece no citado acordo D. CARLOS ANTONIO JORGE SILVA por "PANADERÍA FERMA, SC".
2º) Ordear a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3. FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 22/01/2010 que se recolle a continuación:

"Proposta da Alcaldía: Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local.

Tomando en consideración o acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de novembro de 2009 que seleccionaba as obras a executar a través do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local e establecía unha orde de prioridade ata acadar o límite da partida económica asignada ao Concello de Teo, unha vez encargados os proxectos e dispoñendo das memorias económicas para a súa execución, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de novembro de 2009 en relación coa denominación definitiva dos proxectos que de seguido se relacionan e da súa asignación económica:*

1. *"Centro sociocultural transportable e acondicionamento de zonas verdes e deportivas. Teo, A Coruña", cun presuposto para coñecemento da Administración de 455.194,60€ (PEC: 429.994,60 € ; 12.600,00 € redacción do proxecto e 12.600,00 € dirección de obra).*

2. *"Reforma do centro municipal sociocultural da Ramallosa e do seu entorno", cun presuposto de execución por contrata (PEC) de 140.000€ (Proxecto e Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).*

3. *"Informatización sistema de xestión e localización da Policía Municipal", cun presuposto total de 33.584,90€.*

***Segundo**.- Aprobar a realización do investimento proxectado para as obras que de seguido se relacionan, coa súa denominación definitiva e polas contías que así mesmo se indican, solicitando para a súa execución os recursos do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade:*

1. *"Demolición da vella depuradora dos Verxeis e recuperación ambiental da ribeira", cun presuposto para coñecemento da Administración de 50.000,03€ (PEC: 47.169,83€; 1.415,10€ redacción do proxecto e 1.415,10€ dirección de obra).*

2. *"Instalación dunha planta de tratamento de residuos vexetais no Punto Limpo", cun presuposto para coñecemento da Administración de 77.735,85€ (PEC: 75.471,70€; 2.264,15€ redacción do proxecto. Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).*

3. *"Instalación urbana para a recollida selectiva nos Tilos e Augas Mansas", cun presuposto de execución por contrata de 178.947,31€ (Proxecto e Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).*

4. *"Acondicionamento dos espazos naturais, paisaxísticos e de elementos patrimoniais nas áreas de A Burga, Xirimbao, Mouromorto, Reis e Bamonde", cun presuposto para coñecemento da Administración de 241.380,03€ (PEC: 227.717,01€; Redacción do proxecto 6.831,51€, Dirección de obra: 6.831,51€).*

5. *"Acondicionamento das áreas recreativas das piscinas municipais e instalación de saneamento na piscina municipal de Luou", cun presuposto de execución por contrata de 60.249,99€ (Proxecto e Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).*

6. *"Actuacións de mantemento nos colexios da Ramallosa, Calo e Tilos, e no CRA de Recesende. Concello de Teo", cun presuposto para coñecemento da Administración de 258,601,43€ (PEC: 243.963,61€; 7.318,91€ redacción do proxecto e 7.318,91€ dirección de obra).*

7. *"Instalaciones de energía solar térmica para el apoyo a A.C.S. en los pabellones municipales de Calo y Os Tilos", cun presuposto para coñecemento da Administración de 18.436,62€ (PEC: 17.393,04€; 521,79€ redacción do proxecto e 521,79€ dirección de obra).*

8. *"Línea aérea de baja tensión de alimentación a cementerio municipal", cun presuposto para coñecemento da Administración de 15.167,79€ (PEC: 14.309,23€; 429,28€ redacción do proxecto e 429,28€ dirección de obra).*

9. *"Proxecto de recuperación da área histórico-patrimonial do núcleo tradicional de Texexe Calo (Teo)", cun presuposto para coñecemento da Administración de 120,093,45€ (PEC: 113.295,71€; 3.398,87€ redacción do proxecto e 3.398,87€ dirección de obra).*

En Teo, a 22 de xaneiro de 2010

O Alcalde

Martiño Noriega Sánchez

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de novembro de 2009 en relación coa denominación definitiva dos proxectos que de seguido se relacionan e da súa asignación económica:

1. "Centro sociocultural transportable e acondicionamento de zonas verdes e deportivas. Teo, A Coruña", cun presuposto para coñecemento da Administración de 455.194,60€ (PEC: 429.994,60 € ; 12.600,00 € redacción do proxecto e 12.600,00 € dirección de obra).

2. "Reforma do centro municipal sociocultural da Ramallosa e do seu entorno", cun presuposto de execución por contrata (PEC) de 140.000€ (Proxecto e Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).

3. "Informatización sistema de xestión e localización da Policía Municipal", cun presuposto total de 33.584,90€.

Segundo.- Aprobar a realización do investimento proxectado para as obras que de seguido se relacionan, coa súa denominación definitiva e polas contías que así mesmo se indican, solicitando para a súa execución os recursos do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade:

1. "Demolición da vella depuradora dos Verxeis e recuperación ambiental da ribeira", cun presuposto para coñecemento da Administración de 50.000,03€ (PEC: 47.169,83€; 1.415,10€ redacción do proxecto e 1.415,10€ dirección de obra).

2. "Instalación dunha planta de tratamento de residuos vexetais no Punto Limpo", cun presuposto para coñecemento da Administración de 77.735,85€ (PEC: 75.471,70€; 2.264,15€ redacción do proxecto. Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).

3. "Instalación urbana para a recollida selectiva nos Tilos e Augas Mansas", cun presuposto de execución por contrata de 178.947,31€ (Proxecto e Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).

4. "Acondicionamento dos espazos naturais, paisaxísticos e de elementos patrimoniais nas áreas de A Burga, Xirimbao, Mouromorto, Reis e Bamonde", cun presuposto para coñecemento da Administración de 241.380,03€ (PEC: 227.717,01€; Redacción do proxecto 6.831,51€, Dirección de obra: 6.831,51€).

5. “Acondicionamento das áreas recreativas das piscinas municipais e instalación de saneamento na piscina municipal de Luou”, cun presuposto de execución por contrata de 60.249,99€ (Proxecto e Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).

6. “Actuacións de mantemento nos colexios da Ramallosa, Calo e Tilos, e no CRA de Recesende. Concello de Teo”, cun presuposto para coñecemento da Administración de 258,601,43€ (PEC: 243.963,61€; 7.318,91€ redacción do proxecto e 7.318,91€ dirección de obra).

7. “Instalaciones de energía solar térmica para el apoyo a A.C.S. en los pabellones municipales de Calo y Os Tilos”, cun presuposto para coñecemento da Administración de 18.436,62€ (PEC: 17.393,04€; 521,79€ redacción do proxecto e 521,79€ dirección de obra).

8. “Línea aérea de baja tensión de alimentación a cementerio municipal”, cun presuposto para coñecemento da Administración de 15.167,79€ (PEC: 14.309,23€; 429,28€ redacción do proxecto e 429,28€ dirección de obra).

9. “Proxecto de recuperación da área histórico-patrimonial do núcleo tradicional de Texexe Calo (Teo)”, cun presuposto para coñecemento da Administración de 120,093,45€ (PEC: 113.295,71€; 3.398,87€ redacción do proxecto e 3.398,87€ dirección de obra).

4- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde **A Secretaria**

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 01 DE FEBREIRO DE 2010-

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:35 horas do día 1 de febreiro de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde Acctal., D. Rafael Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente Acctal.:

D. Rafael Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Ángel Manuel Rey Martínez.

Non asisten, previa excusa:

D. Martiño Noriega Sánchez

D. Andrés Fernández Martínez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 21.12.2009 E DO 04.01.2010

2. LICENZAS URBANÍSTICAS

3. LICENZAS DE ACTIVIDADE

4. PROPOSTAS DA ALCALDÍA

5. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde Acctal. declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 21.12.2009 E DO 04.01.2010.

Acta da sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21/12/2009.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión ordinaria de 04 de xaneiro de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 04/01/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes, acorda, por delegación da Alcaldía, segundo Decreto de data 03/07/2007 (nº 257/07), publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007, conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. BEATRIZ OTERO CONDE, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar, na parcela nº 124 de Pite, parroquia de Lucí, segundo Proxecto Básico e de Execución redactado polo arquitecto Arturo Rodríguez Vilanova.

Expediente núm: 9/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

1.- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorgou licenza, redactado polo arquitecto Arturo Rodríguez Vilanova: Proxecto Básico e de Execución de

vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 14.10.2009, e coas modificacións aportadas con visado do 16.12.2009. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

2.- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

3.- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

4.- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

9.- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

10.- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

11.- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

12.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con él. Igualmente cando sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto

produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: NT-G2.
-Tipoloxía edificatoria: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Arturo Rodríguez Vilanova.
-Arquitecto técnico director: José Antonio Cerviño Pernas.
-Edificabilidade: 0,23 m^2/m^2 (p. bruta).
-Altura máxima: S+B+A, 5,02 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 18,00% (p. Neta). Recuamento á aliñación: >8,00 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: >3,00 m. Pendente máxima de cuberta: 30º. Altura do cumio: 3.05 m. Aproveitamento baixo cuberta: SI.
-Presuposto: 123.708,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.474,16 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 194,94 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.789,10 euros.

2.2. A Dª. CRISTINA FIGUEIRAS TOUCEDA, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en Travesia de Casalonga, nº 106 "Ponte Espiño", parroquia de Calo, segundo proxecto redactado polo arquitecto Pablo García Alvarez.
Expediente núm: 10/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Construirase de acordo co proxecto presentado e as súas modificacións, visado no colexio oficial de arquitectos con data 27.06.2008 e 11.12.2009.
-A distancia dende calquera parte da edificación á extrema será de mais de tres metros.
-Formalizarase un acta de replanteo antes do inicio das obras, este acta deberá estar asinado polos directores de obra e un técnico municipal.

-As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Instalarase un cartel de obra nun lugar visible durante a execución da mesma.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-O término da obra e previamente a súa utilización deberase solicitar a licenza de primeira ocupación. Para a obtención desta licenza será necesaria unha certificación final de obra asinada polos técnicos directores de obra na que se manifestará explícitamente o cumprimento das especificacións contidas no Decreto 262/2007, do 20 de decembro de normas do hábitat galego.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: NT-G2.

-Tipoloxía edificatoria: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: Pablo García Alvarez.

-Arquitecto técnico director: José Antonio Cerviño Pernas.

-Edificabilidade: 0,14 m^2/m^2 (p. bruta).

-Altura máxima: B+1, 6,65 m.

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 13,60% (p. Neta). Recuamento á aliñación: >8,00 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: 4,97 m. Pendente máxima de cuberta: 1º. Altura do cumio: 0,20 m. Aproveitamento baixo cuberta: NO.

-Presuposto: 187.222,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.744,44 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 203,85 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 4.068,29 euros.

2.3. A D. JOSÉ MANUEL SOBREDO SIGÜEIRO, licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Regoufe, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto Amancio Losada Vicente.

Expediente núm: 11/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

1.- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorgou licenza, redactado polo arquitecto Amancio Losada Vicente: Proxecto Básico e de Execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 14.04.2008, e coas modificacións aportadas visadas nas datas 03.07.2008 e 09.01.2009. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

2.- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

3.- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

4.- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo,

tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

9.- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

10.- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

11.- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

12.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Conforme ao informe favorable do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia non se admitirán chapados e as mamposterias ordinarias non poderán quedar á vista.

b) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con él. Igualmente cando sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.

c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: NT-G1.
-Tipoloxía edificatoria: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Amancio Losada Vicente.
-Arquitecto técnico director: Luis Jaime Solla Fontan.
-Edificabilidade: Existente.
-Altura máxima: B+1+A, 5,83 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: Existente. Recuamento á aliñación: Existente consolidada. Recuamento a lindeiros: Existente. Pendente máxima de cuberta: 30º. Altura do cumio: 3,05 m. Aproveitamento baixo cuberta: SI.
-Presuposto: 104.767,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.095,36 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 137,16 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.352,52 euros.

2.4. A D. XERARDO PORTO PARDIÑAS, licenza para obras de modificacións na vivenda unifamiliar illada, sita en A Igrexa, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández.

Expediente núm: 12/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

1.- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorgou licenza, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández: Memoria de modificacións realizadas na obra en vivenda unifamiliar illada, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 24.04.2009, e coas modificacións aportadas. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

2.- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

3.- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

4.- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo,

tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

9.- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

10.- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

11.- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

12.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con él. Igualmente cando sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: NT-G2.
-Tipoloxía edificatoria: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Emilio Estévez Fernández.
-Arquitecto técnico director: --.
-Edificabilidade: 0,12 m^2/m^2 (p. bruta).
-Altura máxima: B+1, 6,00 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 9% (p. Neta). Recuamento á aliñación: 20 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: 5.09 m. Pendente máxima de cuberta: 30º. Altura do cumio: <3,60 m. Aproveitamento baixo cuberta: NO.
-Presuposto: 36.510,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 730,20 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 910,20 euros.

2.5. A OBRAS Y REFORMAS HNOS. PIÑEIRO, en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS U-11-B OS TILOS**, licenza para instalación dun ascensor na U-11-B, segundo proxecto redactado pola arquitecta Mª Dolores Crespo Chouza.

Expediente núm: 13/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto presentado visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 7.04.2009.

-Conforme ao apartado 4.1.10, a caixa do ascensor deberá estar inscrito dentro do espazo limitado polo plano de 45º dende a altura máxima.

-As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.084,68 €

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €

Total: 1.144,68 euros.

2.6. A D. GINÉS VIUDEZ RUIDO, en representación de **PERFIL TIERRA Y AGUA S.L.**, licenza para obras de construción dunha edificación destinada a centro de benestar e terapias alternativas contidas no Proxecto modificado de básico e Proxecto de execución así como as súas modificacións, redactado polo arquitecto José I. Dorrego Tain, na parcela nº 557, en Olveira, parroquia de Reis.

Expediente núm: 14/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

1.- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorgou licenza, redactado polo arquitecto José I. Dorrego Tain: Proxecto modificado de básico e Proxecto de execución dun centro de benestar e terapias alternativas, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 21.10.2009, e coas modificacións aportadas visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 12.11.2009. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

2.- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

3.- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

4.- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de

seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

9.- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

10.- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

11.- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

12.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con él. Igualmente cando sen existir un conxunto de edificios, houbese algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: NT-G2.

-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN DESTINADA A CENTRO DE BENESTAR E TERAPIAS ALTERNATIVAS.

-Arquitecto director das obras: José I. Dorrego Tain.

-Arquitecto técnico director: Domiro Sousa Bao.

-Edificabilidade: 0,20 m^2/m^2 (p. bruta).

-Altura máxima: B+1, 6,17 m.

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 18,80% (p. Neta). Recuamento á aliñación: >8 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: 5.09 m. Pendente máxima de cuberta: 30º. Altura do cumio: >3,00 m. Aproveitamento baixo cuberta: NO.

-Presuposto: 600.960,70 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 12.019,21 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 1.047,57 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 13.186,78 euros.

3. LICENZAS DE ACTIVIDADE

LICENZAS DE APERTURA –INÓCUA CON PUBLICACIÓN PROVISIONAL.

3.1.- Visto o expediente instruido ao efecto por **D. GINÉS VIUDEZ RUIDO,** en representación de **PERFIL TIERRA Y AGUA S.L.**, para licenza de apertura/instalación dun local destinado a

CENTRO DE BENESTAR E TERAPIAS ALTERNATIVAS, a emprazar en Olveira, parroquia de Reis.

Visto o Proxecto modificado de básico e Proxecto de execución así como as súas modificacións, redactado polo arquitecto José I. Dorrego Tain, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 21.10.2009, e coas modificacións aportadas visadas no Colexio Oficial de Arquitectos con data 12.11.2009, o informe favorable da Consellería de Sanidade Departamento Territorial da Coruña de data 14.12.2009, o informe xurídico de data 28.01.2010; e demais documentación obrante no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes, acorda, por delegación da Alcaldía, segundo Decreto de data 03/07/2007 (nº 257/07), publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007:

1º) Conceder a D. GINÉS VIUDEZ RUIDO**,** en representación de PERFIL TIERRA Y AGUA S.L. (expte. AP-17/08) a licenza provisional para o establecemento dun local destinado a CENTRO DE BENESTAR E TERAPIAS ALTERNATIVAS condicionada a súa instalación ao cumprimento dos seguintes requisitos:

-.Deberá dar cumprimento das medidas correctoras da actividade comprobando a eficacia das mesmas antes do inicio da actividade.

-Non se iniciará o exercicio da actividade ata que non sexa concedida a licenza definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar neste concello, a cal deberá ser favorable, xuntando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

2º) Aprobar a liquidación definitiva dos dereitos devengados polo expediente (epígrafe 944) por importe de: 258,15 euros.

3º) Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

4. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 28/01/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL

O Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, aprobou a creación do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, do que ao Concello de Teo lle corresponden 1.905.392 €.

Tomando en consideración os criterios que fixan as obras financiables polo Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, recollidas na Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do 2 de novembro, e compatibilizando os obxectivos de satisfacer necesidades do Concello e de enfrontar investimentos dotacionais e de servizos que dende a capacidade económica exclusiva do concello resultan inviables, a Alcaldía propuxo e a Xunta de Goberno Local, nas sesións ordinaria e extraordinaria de 16/11/2009 e 26/01/2010, respectivamente, acordou aprobar a realización do investimento proxectado para as obras, subministros e servizos que de seguido se relacionan, solicitando para a súa execución os recursos do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local:

1. *"Centro sociocultural transportable e acondicionamento de zonas verdes e deportivas. Teo, A Coruña".*

2. *"Substitución dun tramo do colector de saneamento en Feros (Cacheiras)".*

3. *"Reforma do centro municipal sociocultural da Ramallosa e do seu entorno".*

4. *"Modernización de equipos informáticos municipais".*

5. *"Informatización sistema de xestión e localización da Policía Municipal".*

6. *"Infraestrutura de rede e comunicacións na casa do Concello".*

7. *"Demolición da vella depuradora dos Verxeis e recuperación ambiental da ribeira".*

8. *"Instalación dunha planta de tratamento de residuos vexetais no Punto Limpo".*

9. *"Instalación urbana para a recollida selectiva nos Tilos e Augas Mansas".*

10. *"Acondicionamento dos espazos naturais, paisaxísticos e de elementos patrimoniais nas áreas de A Burga, Xirimbao, Mouromorto, Reis e Bamonde".*

11 *"Acondicionamento das áreas recreativas das piscinas municipais e instalación de saneamento na piscina municipal de Luou".*

12. *"Actuacións de mantemento nos colexios da Ramallosa, Calo e Tilos, e no CRA de Recesende. Concello de Teo".*

13. *"Instalaciones de energía solar térmica para el apoyo a A.C.S. en los pabellones municipales de Calo y Os Tilos".*

14. *"Línea aérea de baj a tensión de alimentación a cementerio municipal".*

15. *"Proxecto de recuperación da área histórico-patrimonial do núcleo tradicional de Texexe Calo (Teo)".*

De acordo co previsto na Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (BOE de 3 de novembro de 2009), apartado Terceiro 2.b), a solicitude deberá acompañarse, entre outros documentos, dunha certificación comprensiva da disponibilidade dos terreos nos que se vaia a executar a obra.

En virtude do exposto, e co fin de cumprimentar adecuadamente os requisitos da solicitude do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Declarar a plena disponibilidade dos terreos nos que se vaian a executarse as obras que se detallan a continuación:

1. *"Centro sociocultural transportable e acondicionamento de zonas verdes e deportivas. Teo, A Coruña".*
2. *"Substitución dun tramo do colector de saneamento en Feros (Cacheiras)".*
3. *"Reforma do centro municipal sociocultural da Ramallosa e do seu entorno", cun presuposto de execución por contrata (PEC) de 140.000€ (Proxecto e Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).*
4. *"Demolición da vella depuradora dos Verxeis e recuperación ambiental da ribeira", cun presuposto para coñecemento da Administración de 50.000,03€ (PEC: 47.169,83€; 1.415,10€ redacción do proxecto e 1.415,10€ dirección de obra).*
5. *"Instalación dunha planta de tratamento de residuos vexetais no Punto Limpo".*
6. *"Instalación urbana para a recollida selectiva nos Tilos e Augas Mansas".*
7. *"Acondicionamento dos espazos naturais, paisaxísticos e de elementos patrimoniais nas áreas de A Burga, Xirimbao, Mouromorto, Reis e Bamonde".*
8. *"Acondicionamento das áreas recreativas das piscinas municipais e instalación de saneamento na piscina municipal de Luou".*
9. *"Actuacións de mantemento nos colexios da Ramallosa, Calo e Tilos, e no CRA de Recesende. Concello de Teo".*
10. *"Instalaciones de energía solar térmica para el apoyo a A.C.S. en los pabellones municipales de Calo y Os Tilos".*

11. "Línea aérea de baja tensión de alimentación a cementerio municipal".

12. "Proxecto de recuperación da área histórico-patrimonial do núcleo tradicional de Texexe Calo (Teo)".

En Teo, a 28 de xaneiro de 2010

O Alcalde Acctal.

Rafael Sisto Edreira"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Declarar a plena disponibilidade dos terreos nos que se vaian a executarse as obras que se detallan a continuación:

1. "Centro sociocultural transportable e acondicionamento de zonas verdes e deportivas. Teo, A Coruña".

2. "Substitución dun tramo do colector de saneamento en Feros (Cacheiras)".

3. "Reforma do centro municipal sociocultural da Ramallosa e do seu entorno", cun presuposto de execución por contrata (PEC) de 140.000€ (Proxecto e Dirección de obra a cargo dos Servizos Técnicos Municipais).

4. "Demolición da vella depuradora dos Verxeis e recuperación ambiental da ribeira", cun presuposto para coñecemento da Administración de 50.000,03€ (PEC: 47.169,83€; 1.415,10€ redacción do proxecto e 1.415,10€ dirección de obra).

5. "Instalación dunha planta de tratamento de residuos vexetais no Punto Limpo".

6. "Instalación urbana para a recollida selectiva nos Tilos e Augas Mansas".

7. "Acondicionamento dos espazos naturais, paisaxísticos e de elementos patrimoniais nas áreas de A Burga, Xirimbao, Mouromorto, Reis e Bamonde".

8 "Acondicionamento das áreas recreativas das piscinas municipais e instalación de saneamento na piscina municipal de Luou".

9. "Actuacións de mantemento nos colexios da Ramallosa, Calo e Tilos, e no CRA de Recesende. Concello de Teo".

10. "Instalaciones de energía solar térmica para el apoyo a A.C.S. en los pabellones municipales de Calo y Os Tilos".

11. “Línea aérea de baja tensión de alimentación a cementerio municipal”.

12. “Proxecto de recuperación da área histórico-patrimonial do núcleo tradicional de Texexe Calo (Teo).

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e corenta e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde **A Secretaria**

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 3 DE FEBREIRO DE 2010-

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:20 horas do día 3 de febreiro de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

Non asisten, previa excusa:

D. Andrés Fernández Martínez

D. Angel Manuel Rey Martínez.

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz., que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2. FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL.

3. CONTRATACIÓN.

3.1. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DA "AREA RECREATIVA DE CALO".

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Sr. Alcalde da conta de que, unha vez enviadas as solicitudes do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, con data de hoxe recíbiuse un requerimento de información adicional por parte da DG/SDG, no expediente da obra de "Línea aérea de baja tensión de alimentación a cementerio municipal" (Teo), incluída en virtude do acordado pola Xunta de gobenro Local de 26/01/2010. Explica que no citado requerimento se pon de manifesto que a actuación non é financiable, polo que, sendo hoxe o último día para incluir as solicitudes, resulta preciso adoptar un novo acordo ao respecto.

Sometida a votación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda ratificar a urxencia da convocatoria.

2. FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 03/02/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA
FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL

O Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, aprobou a creación do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, do que ao Concello de Teo lle corresponden 1.905.392 €.

Tomando en consideración os criterios que fixan as obras financiables polo Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, recollidas na Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do 2 de novembro, e compatibilizando os obxectivos de satisfacer necesidades do Concello e de enfrontar investimentos dotacionais e de servizos que dende a capacidade económica exclusiva do concello resultan inviables, a Alcaldía propuxo e a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria de 26/01/2010, acordou aprobar a realización do investimento proxectado para, entre outras, a obra de "Línea aérea de baja tensión de alimentación a cementerio municipal".

- *CONSTRUCCIONES GUTIÉRREZ, S.L.*
- *PROYECTA, S.L.*
- *IBERSILVA, S.A.*
- *CONSTRUANBER, S.L.U.*
- *FERORSA*

Considerando que a mesa de contratación, na reunión de 07/04/2009, acordou requirir para emendar a documentación ás seguintes empresas:

- *ALDASA CONSTRUCTORA*
- *OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.*
- *RIO SIEIRA, S.L.*
- *FERORSA*

Considerando que as empresas requiridas presentaron a documentación solicitada, a mesa de contratación na súa reunión do 15 de abril acordou admitir a licitación a todas as ofertas presentadas porque a documentación presentada polas empresas citadas axústase ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que se seguiron tódolos trámites establecidos legalmente.

Considerando que, tal e como se desprende do informe técnico de data 30/04/2010, incorporado ao expediente, unha vez aplicados os criterios de valoración previsto no prego de cláusulas obtívose o seguinte resultado:

CONSTRUCCIONES EULOGIO VIÑAL, S.A. ..... 50,481 ptos.

ROYMER OBRA CIVIL, S.L. ..... 28,175 ptos.

ALDASA CONSTRUCTORA ..... 31,743 ptos.

OVIGA, Obras y Viales de Galicia, S.L. ..... 29,926 ptos.

RIO SIEIRA, S.L. ..... 14,186 ptos.

TERRAUGA Proyectos y Obras, S.L. ..... 31,234 ptos.

CEO CONSTRUCCIONES ..... 26,378 ptos.

CONSTRUCCIONES GUTIÉRREZ, S.L. ..... 25,615 ptos.

PROYECTA ..... 39,645 ptos.

IBERSILVA, S.A. ..... 28,258 ptos.

COPELCO GALICIA, S.L. ..... 17,441 ptos.

FERORSA ..... 38,329 ptos.

Considerando o disposto no artigo 135 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).

Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da citada Lei e no Decreto da Alcaldía de 03/07/2007(257/2007).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Adxudicar provisionalmente a obra de **"ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN LOS TERRENOS DE LA SOCIEDAD DE AGRICULTORES Y GANADEROS DE CALO"** á empresa **EULOGIO VIÑAL Obras y Construcciones, S.A.,** con CIF A-15.352.735 con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, por importe de **204.269,86 €,** IVE engadido (176.094,71 € de valor estimado do contrato, máis 28.175,15 € de IVE).*

***Segundo**.- De conformidade co previsto no prego de cláusulas e na oferta do adxudicatario, o prazo de execución do contrato será de 45 días naturais.*

***Terceiro**.- Fixa-la garantía definitiva do contrato na cantidade de 8.804,74 €, correspondente ao 5% do importe de adxudicación, IVE excluído, de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares, que terá que constituír o contratista no prazo de 10 días hábiles*

contados a partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante do Concello de Teo. Durante este prazo, o adxudicatario deberá igualmente presentar a documentación á que se refire o artigo 135.4 da LCSP.

***Cuarto**.- Notificar o presente aos licitadores e publicalo no perfil do contratante do Concello de conformidade co previsto no artigo 135 da LCSP, non podéndose elevar a definitiva a presente adxudicación provisional, ata que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte ao da súa publicación no citado perfil.*

En Teo, a 30 de abril de 2010

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a obra de **"ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN LOS TERRENOS DE LA SOCIEDAD DE AGRICULTORES Y GANADEROS DE CALO"** á empresa **EULOGIO VIÑAL Obras y Construcciones, S.A.,** con CIF A-15.352.735 con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, por importe de **204.269,86 €,** IVE engadido (176.094,71 € de valor estimado do contrato, máis 28.175,15 € de IVE).

Segundo.- De conformidade co previsto no prego de cláusulas e na oferta do adxudicatario, o prazo de execución do contrato será de 45 días naturais.

Terceiro.- Fixa-la garantía definitiva do contrato na cantidade de 8.804,74 €, correspondente ao 5% do importe de adxudicación, IVE excluído, de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares, que terá que constituír o contratista no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante do Concello de Teo. Durante este prazo, o adxudicatario deberá igualmente presentar a documentación á que se refire o artigo 135.4 da LCSP.

Cuarto.- Notificar o presente aos licitadores e publicalo no perfil do contratante do Concello de conformidade co previsto no artigo 135 da LCSP, non podéndose elevar a definitiva a presente adxudicación provisional, ata que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte ao da súa publicación no citado perfil.

4.- PROPOSTAS ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde **A Secretaria**

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 10 DE MAIO DE 2010-

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:15 horas do día 10 de maio de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D. Andrés Fernández Martínez

D. Angel Manuel Rey Martínez

Non asiste, previa excusa:

D.ª Carme Hermida Gulías

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. EXECUCIÓN DO AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO UN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVO Á ESCOLA INFANTIL DE CALO.

2. APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA. REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO EN OS TILOS. FEIL 2009.

3. EXPED. CONTRATACIÓN DA OBRA DE "ACONDICIONAMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, PAISAXÍSTICOS E DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS NAS ÁREAS DE A BURGA, XIRIMBAO, MOUROMORTO, REIS E BAMONDE" (FEESL). DECLARACIÓN DE DESERTO E APERTURA DE NOVO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. EXECUCIÓN DO AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO UN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVO Á ESCOLA INFANTIL DE CALO.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 07/05/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto.- EXECUCIÓN DO AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO UN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVO Á ESCOLA INFANTIL DE CALO.

Á vista da notificación do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela do Auto ditado con data de 8 de abril de 2010 (rex. entrada nº 3155, de 14/04/2010), en peza separada de execución 72/06, dimanante dos autos de P.O. 103/04, seguida a instancia de "Aurora, Pilar y Ana S.L." contra o Concello de Teo, que na súa parte dispositiva dispón:

"En la presente pieza de ejecución nº 72/2006, declarado conforme a Derecho el acuerdo adoptado por la Xunta de Goberno Local del Concello de Teo, de fecha 10 de noviembre, procede ordenar y se ordena a que se reponga a la entidad AURORA, PILAR Y ANA, S.L. en la gestión, en el régimen de concesión, de la Escola Infantil Municipal de Calo, Teo, debiendo de cesar en dicha gestión la entidad ANA NAYA GARCÍA S.L., disponiéndose que por el Concello de Teo se adopten las medidas y se realicen las gestiones necesarias para la total efectividad y cumplimiento de lo mandado, fijándose a tal fin el plazo máximo de un mes a partir de la notificación de la presete resolución. No se hace expresa imposición de costas".

Considerando que en cumprimento do citado Auto de 8 de abril de 2010 (rex. entrada nº 3155, de 14/04/2010), o Concello debe proceder, no prazo dun mes dende a súa recepción, a repoñer á entidade "Aurora, Pilar y Ana, S.L." na xestión, en réxime de concesión, da Escola Infantil

Municipal de Calo, debendo cesar en dita xestión á entidade "Ana Naya García S.L.", proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Cesar na xestión, en réxime de concesión, da Escola Infantil Municipal de Calo, á entidade "Ana Naya García S.L.", dende o Xoves día 13 de maio de 2010, entidade que viña prestando o servizo, dende o día 3 de marzo de 2008, en execución do Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, de 22/10/2007 e do acordado a estes efectos pola Xunta de Goberno Local de 08/02/2008.*

***Segundo**.- Repoñer á entidade "Aurora, Pilar y Ana, S.L." na xestión, en réxime de concesión, da Escola Infantil Municipal de Calo, dende o Venres día 14 de maio de 2010, nas condicións do contrato subscrito entre o Concello de Teo e a citada entidade con data de 24/05/2004.*

***Terceiro**.- Notificar o presente ás entidades interesadas para que fagan todas as xestións necesarias para que dende o día 14 de maio de 2010, a xestión indirecta, en réxime da concesión, da Escola Infantil de Calo se leve a cabo pola entidade "Aurora, Pilar y Ana S.L".*

En Teo, a 7 de maio de 2010

O Alcalde

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Cesar na xestión, en réxime de concesión, da Escola Infantil Municipal de Calo, á entidade "Ana Naya García S.L.", dende o Xoves día 13 de maio de 2010, entidade que viña prestando o servizo, dende o día 3 de marzo de 2008, en execución do Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, de 22/10/2007 e do acordado a estes efectos pola Xunta de Goberno Local de 08/02/2008.

Segundo.- Repoñer á entidade "Aurora, Pilar y Ana, S.L." na xestión, en réxime de concesión, da Escola Infantil Municipal de Calo, dende o Venres día 14 de maio de 2010, nas condicións do contrato subscrito entre o Concello de Teo e a citada entidade con data de 24/05/2004.

Terceiro.- Notificar o presente ás entidades interesadas para que fagan todas as xestións necesarias para que dende o día 14 de maio de 2010, a xestión indirecta, en réxime da concesión, da Escola Infantil de Calo se leve a cabo pola entidade "Aurora, Pilar y Ana S.L.

2. APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA. REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO EN OS TILOS. FEIL 2009.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 07/05/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a certificación de obra número 5 e derradeira da obra denominada "MODIFICADO DO PROXECTO DE REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO EN OS TILOS, FEIL 2009", asinada polo director facultativo de obra, D. Óscar Andrés Quintela, e polo contratista INDEZA EDIFICACIÓN Y OBRA CIVIL SL, e a factura correspondente por un importe de 73.800,31€, de data 20/04/2010.

Vista a fiscalización de conformidade da Intervención municipal de data 06/05/2010.

Propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Aprobar a certificación de obra nº 5 e derradeira correspondente á obra "MODIFICADO DO PROXECTO DE REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO EN OS TILOS, FEIL 2009", así como a factura número FV10/044 de data 20/04/2010 por importe de 73.800,31€, e ordear o pagamento da mesma.

2.- Dar conta do presente Decreto á Intervención e á Tesourería municipais ós efectos oportunos.

Teo, 7 de maio de 2010.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1.- Aprobar a certificación de obra nº 5 e derradeira correspondente á obra "MODIFICADO DO PROXECTO DE REFORMA INTEGRAL DA RÚA CASTIÑEIRO

EN OS TILOS, FEIL 2009", así como a factura número FV10/044 de data 20/04/2010 por importe de 73.800,31€, e ordear o pagamento da mesma.

2.- Dar conta do presente Decreto á Intervención e á Tesourería municipais ós efectos oportunos.

3. EXPED. CONTRATACIÓN DA OBRA DE "ACONDICIONAMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, PAISAXÍSTICOS E DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS NAS ÁREAS DE A BURGA, XIRIMBAO, MOUROMORTO, REIS E BAMONDE" (FEESL). DECLARACIÓN DE DESERTO E APERTURA DE NOVO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 07/05/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente instruído para a contratación, mediante procedemento negociado, das obras de ***"ACONDICIONAMIENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, PAISAXÍSTICOS E DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS NAS ÁREAS DE A BURGA, XIRIMBAO, MOUROMORTO, REIS E BAMONDE"****, incluída no FEESL 2010, por importe de* ***227.717,01 €,*** *IVE engadido, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria urxente de 24/03/2010.*

Considerando que, tal e como consta no expediente, se solicitou oferta ás seguintes empresas:

- *EXCLUSIVAS DOLPHIN, S.L.*
- *SUEIRO CONSTRUCCIONES, S.L.*
- *CONSTRUCCIONES B. SERVIDE.*

Considerando que as tres empresas invitadas presentaron oferta, e que tal como se desprende da acta de apertura de ofertas de 29/04/2010, ningunha das empresas que presentan oferta aportan a documentación completa de acordo co Prego de cláusulas administrativas, e concédeselle un prazo de tres días hábiles para que emenden a documentación presentada.

Considerando que ningunha das empresas aporta a documentación complementaria solicitada, e que polo tanto non acreditan contar coa solvencia técnica e profesional esixida no Prego de cláusulas administrativas que rexen o procedemento de contratación.

Visto que se seguiron tódolos trámites establecidos legalmente.

Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da LCSP en relación co Decreto da Alcaldía de 03/07/2007(res.257/07).

En virtude do exposto, e de conformidade co establecido nos artigos 51 e 139 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Deixar deserto o procedemento de contratación das obras de* ***"ACONDICIONAMIENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, PAISAXÍSTICOS E DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS NAS ÁREAS DE A BURGA, XIRIMBAO, MOUROMORTO, REIS E BAMONDE"****, iniciado mediante Providencia da Alcaldía de 12/03/2010, por considerar que ningunha das empresas invitadas á licitación aporta a documentación que acredite a solvencia técnica e profesional esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación.*

Segundo*.- Reiniciar de novo o procedemento de adxudicación para a contratación das obras de* ***"ACONDICIONAMIENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, PAISAXÍSTICOS E DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS NAS ÁREAS DE A BURGA, XIRIMBAO, MOUROMORTO, REIS E BAMONDE"****, mediante procedemento negociado, que se rexerá polo Prego de cláusulas administrativas particulares e os anexos de 16/03/2010 aprobados pola Xunta de Goberno Local de 24/03/2010, polo que se aproba o expediente de contratación, de acordo co proxecto de obra redactado por VERTEBRA AMBIENTAL S.L.U., mantendo o presuposto da obra que ascende a* ***DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL SETECENTOS DEZASETE EUROS CON UN CÉNTIMO (227.717,01 €),*** *IVE engadido, (196.307,77 € de valor estimado do contrato mais 31.409,24 € de IVE), así como a aprobación do gasto, con cargo á partida orzamentaria 453/627.00 do estado de gastos do vixente orzamento municipal, que foi aprobado polo citado acordo da Xunta de Goberno Local de 24/03/2010.*

Terceiro.- *Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento negociado, para o que se cursará invitación ás seguintes empresas:*

-TROQUIÑA, S.L.

-ENCOFRADOS HERMANOS OTEGA, S.L.

-CANTERAS HERMANOS LÓPEZ, S.L.

Cuarto.- *Notificar este acordo aos licitadores con indicación dos recursos procedentes e publicalo no perfil do contratante do Concello.*

En Teo, a 7 de maio de 2010

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Deixar deserto o procedemento de contratación das obras de **"ACONDICIONAMIENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, PAISAXÍSTICOS E DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS NAS ÁREAS DE A BURGA, XIRIMBAO, MOUROMORTO, REIS E BAMONDE"**, iniciado mediante Providencia da Alcaldía de 12/03/2010, por considerar que ningunha das empresas invitadas á licitación aporta a documentación que acredite a solvencia técnica e profesional esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación.

Segundo.- Reiniciar de novo o procedemento de adxudicación para a contratación das obras de **"ACONDICIONAMIENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, PAISAXÍSTICOS E DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS NAS ÁREAS DE A BURGA, XIRIMBAO, MOUROMORTO, REIS E BAMONDE"**, mediante procedemento negociado, que se rexerá polo Prego de cláusulas administrativas particulares e os anexos de 16/03/2010 aprobados pola Xunta de Goberno Local de 24/03/2010, polo que se aproba o expediente de contratación, de acordo co proxecto de obra redactado por VERTEBRA AMBIENTAL S.L.U., mantendo o presuposto da obra que ascende a **DOUSCENTOS VINTE E SETE MIL SETECENTOS DEZASETE EUROS CON UN CÉNTIMO (227.717,01 €),** IVE engadido, (196.307,77 € de valor estimado do contrato mais 31.409,24 € de IVE), así como a aprobación do gasto, con cargo á partida orzamentaria 453/627.00 do estado de gastos do vixente orzamento municipal, que foi aprobado polo citado acordo da Xunta de Goberno Local de 24/03/2010.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento negociado, para o que se cursará invitación ás seguintes empresas:

-TROQUIÑA, S.L.

-ENCOFRADOS HERMANOS OTEGA, S.L.

-CANTERAS HERMANOS LÓPEZ, S.L.

Cuarto.- Notificar este acordo aos licitadores con indicación dos recursos procedentes e publicalo no perfil do contratante do Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde **A Secretaria**

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 20 DE MAIO DE 2010-

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:15 horas do día 20 de maio de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

Non asisten, previa excusa:

D. Rafael Sisto Edreira

D. Angel Manuel Rey Martínez

Interventora: D.ª Monica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN DE ACTAS DE 15/03/2010, 24/03/201, 31/03/2010 E 05/04/2010

2. LICENZAS URBANÍSTICAS

3. LICENZAS DE ACTIVIDADE

4. CONTRATACIÓN

4.1.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DE "CENTRO SOCIOCULTURAL TRANSPORTABLE E ACONDICIONAMENTO DE ZONAS VERDES E DEPORTIVAS. TEO, A CORUÑA" (FEESL)

4.2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DE "INSTALACIÓN URBANA PARA A RECOLIDA SELECTIVA NOS TILOS E AUGAS MANSAS" (FEESL)

4.3.- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE A RAMALLOSA

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DE ACTAS DE 15/03/2010, 24/03/201, 31/03/2010 E 05/04/2010.

Acta da sesión ordinaria do día 15 de marzo de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 15/03/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión extraordinaria urxente de 24 de marzo de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria urxente celebrada con data de 24/03/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión extraordinaria urxente de 31 de marzo de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria urxente celebrada con data de 31/03/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión ordinaria de 5 de abril de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 05/04/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. JOSÉ JUAN EIRAS SÁNCHEZ, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar, na parroquia de Luou, finca nº 48 "Martingo", segundo Proxecto Básico e de Execución redactado polo arquitecto José Luis Pereiro Alonso.

Expediente núm: 98/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Luis Pereiro Alonso: Proxecto Básico de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 11.01.2010, Proxecto de Execución de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 26.02.2010, e coa modificación aportada con visado do 22.04.2010. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme

coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: NT-G2.

-Tipoloxía edificatoria: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: José Luis Pereiro Alonso.

-Arquitecto técnico director: Esther Fariña Santorum.
-Coordinador de seguridade e saúde: Esther Fariña Santorum.
-Edificabilidade: 0,25 m^2/m^2 (p. Bruta).
-Altura máxima: B+BC, 5,82 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 13,54% (p. Neta). Recuamento á aliñación: 23,48 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: 3,70 m. Pendente máxima de cuberta: 40 %. Altura do cumio: 2,00 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.
-Presuposto: 132.306,71 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.646,13 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,75 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 2.826,88 euros.

2.2. A Dª. MARÍA DOLORES MIRÁS FURELOS, licenza para rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar, no lugar de Texexe, parroquia de Calo, segundo Proxecto Básico e de Execución redactado polo arquitecto Carlos González Rodríguez.
Expediente núm: 99/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Carlos González Rodríguez: Proxecto Básico de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 02.12.2009, Proxecto Básico Modificado, visado o 15.02.2010, Proxecto de Execución visado o 05.03.2010, e coa modificación aportada con visado do 14.04.2010. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo

superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de

construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: NT-G2.

-Tipoloxía edificatoria: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: Carlos González Rodríguez.

-Arquitecto técnico director: Javier Suárez del Rio.

-Coordinador de seguridade e saúde: Javier Suárez del Rio.

-Edificabilidade: 0,24 m^2/m^2 (p. Bruta).

-Altura máxima: B+1+BC, 5,60 m.

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 15,49% (p. Neta). Recuamento á aliñación: Aliñación consolidada. Recuamento a lindeiros: Existentes. Pendente máxima de cuberta: 40 %. Altura do cumio: 2,00 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.

-Presuposto: 102.500,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2050,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.230,00 euros.

2.3. A D. MARCELINO E D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, licenza para obras de adecuación dunha nave para uso comercial, supermercado, en As Galanas "Reborido", parroquia de Calo, segundo Proxecto Básico e de Execución redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña.

Expediente núm: 100/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña: Proxecto Básico e de Execución de adecuación dunha nave para uso comercial, supermercado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 17.06.2009, e coas modificacións aportadas con visado do 01.09.2009 e 28.09.2009. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas

responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: NT-G2.
-Tipoloxía edificatoria: COMERCIAL 1ª E 2ª
-Arquitecto director das obras: Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña.
-Arquitecto técnico director: --.
-Coordinador de seguridade e saúde: --.
-Edificabilidade: 0,25 m^2/m^2 (p. Bruta).
-Altura máxima: B, 6,08 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 20,00% (p. Neta). Recuamento á aliñación: 25 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: 4,60 m. Pendente máxima de cuberta: 17,30 %. Altura do cumio: 2,00 m. Aproveitamento baixo cuberta: No.
-Presuposto: 320.000,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 6.400,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 1.476,95 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 7.996,95 euros.

2.4. A D. ANTONIO FILGUEIRA FERREIRO, licenza para obras de construción de anexo á vivenda, reforma da cuberta, cambio de fiestras e ampliación en O Sisto, nº 19, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo técnico Santiago Martín Romaris García.
Expediente núm: 101/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Executarase de acordo co proxecto presentado, dando cumprimento das condicións do art. 104 e 42 da Lei 9/2002 e as súas modificacións.

-Será obrigatorio empregar tella do pais, segundo o artigo 104.c) da mencionada Lei, para harmonizar coa paisaxe.

A construción deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-As obras retranquearanse un mínimo de 8 metros ao eixe da pista pública e a 3 metros de lindeiros.

-Dará cumprimento de tódolos parámetros urbanísticos de acordo coa ordenanza de núcleo rural tradicional e da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas súas modificacións.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.147,66 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 1.207,66 euros.

2.5. A Dª. MARÍA AMPARO CORRAL SUÁREZ, licenza para obras de construción dun porche de estructura sinxela de 3x2 metros para evitar entrada de auga na porta e 11 m^2 de ventás e recercado de ocos, na finca nº 101 de A Grela, parroquia de Lampai.

Expediente núm: 102/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-As obras serán de estructura sinxela e segura que se retranqueará un mínimo de 3 metros a lindeiros e 8 metros ao eixe da pista pública.

-Darase cumprimento do artigo 9 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificación referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 46,00

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 106,00 euros.

2.6. A Dª. ESTHER PAIS RODRÍGUEZ, licenza para construción de un cerre de 18 ml. de pedra e 150 ml. de bloque, postes e alambre, na finca nº 448 de Agoso, parroquia de Oza.

Expediente núm: 103/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O cerre retranquearase unha distancia mínima de 4 metros ao eixe da pista pública.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

-A altura máxima do cerre será de 2,20 metros.
-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-Os frontes do cerre poderán estar constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo acadar 1,30 m. no punto máis alto por razóns de pendente.
-Na zona rústica a altura máxima da zona opaca é de 1,50 metros.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 104,53 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 164,53 €.

2.7. A D. JOSÉ LUIS GARCÍA RIEIRO, licenza para construción dun cerre de 160 ml. con base de bloque e tela metálica, na finca nº 435 de Bustelo, parroquia de Luou.
Expediente núm: 104/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Dará cumprimento das condicións que indique Augas de Galicia.

-O cerre retranquearase unha distancia mínima de 5 metros ao eixe da pista pública principal, 4,00 metros do lateral, situando a base do mesmo na cota da pista pública. Desprazarase a cuneta ata o borde do cerre, e á distancia que indique Augas de Galicia con respecto ao regato existente.
-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.
-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-Os frontes do cerre poderán estar constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo acadar 1,30 m. no punto máis alto por razóns de pendente.
-Entre lindeiros dará cumprimento das condicións de cerre en solo rústico que indica o artigo 42.1c da Lei 9/2002 para fincas con edificación, sendo a altura máxima da parte opaca de 1,50 metros e o resto do cerre con materiais tradicionais do medio rural.
-As obras non modificarán as características topográficas do terreo nin afectarán ao sistema de regas e drenaxe das fincas.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 99,55 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 159,55 €.

2.8. A D. CARLOS VARELA CIERTO, licenza para construción de un cerre de 14 ml. con bloques, postes e alambre, no fronte da finca, en A Pedreira, nº 17, parroquia de Calo.

Expediente núm: 105/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O cerre retranquearase como mínimo 5 metros do eixe da pista situando a súa base na mesma cota que o pavimento do vial.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

-A altura máxima do cerre será de 2,20 metros.

-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Os frontes do cerre poderán estar constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo acadar 1,30 m. no punto máis alto por razóns de pendente.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 8,71 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 68,71 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.9.- Escrito presentado por **D. JOSÉ MANUEL MAROÑO FERREIRO**, de data 15.02.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 1243, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Vistos, o informe favorable do arquitecto municipal de data 07.05.2010, o informe xurídico de Secretaría de data 19.05.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda, conceder a D. JOSÉ MANUEL MAROÑO FERREIRO, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-329-13/10), para unha vivenda unifamiliar en Texexe, parroquia de Calo, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 310/00, de data 30.11.2000.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

2.10.- Escrito presentado por **D. JOSÉ Mª FERREIRO MONTES**, de data 06.04.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 2805, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Vistos, o informe favorable do arquitecto municipal de data 07.05.2010, o informe xurídico de Secretaría de data 19.05.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda, conceder a D. JOSÉ Mª FERREIRO MONTES, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-335-14/10), para unha vivenda unifamiliar en Osebe, parroquia de Calo, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 117/03, de data 17.07.2003.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 90,00 €.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRÓRROGA.

2.11.- Dada conta do escrito asinado por **Dª. MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ**, de data 27.04.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 3496, no que solicita prórroga das licenzas urbanísticas con exptes. 67/08 e 167/08, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesións, respectivamente, de datas 17.03.2008 e 19.05.2008, para construción dunha vivenda unifamiliar por cada expediente, a primeira na parcela nº 694-3, sita en A Xesta, parroquia de Calo, e a segunda no lugar de A Igrexa, parroquia de Calo; visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal en data 30.04.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:

PRIMEIRO.- Conceder a Dª. MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ (expte. P-2/2010), en base ao artigo 197.2 da Lei 9/2002, as prórrogas solicitadas por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado (tres anos).

SEGUNDO.- Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

2.12.- Dada conta do escrito asinado por **D. JULIO GACIO TARRIO**, de data 27.04.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 3493, no que solicita prórroga da licenza urbanística con expte. 68/08, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 17.03.2008, para construción dunha vivenda unifamiliar na parcela nº 1985-3, sita en Fixó, parroquia de Calo; visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal en data 30.04.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:

PRIMEIRO.- Conceder a D. JULIO GACIO TARRIO (expte. P-3/2010), en base ao artigo 197.2 da Lei 9/2002, a prórroga solicitada por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado (tres anos).

SEGUNDO.- Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

2.13.- Dada conta do escrito asinado por **D. ENRIQUE FERRO PISOS**, de data 05.05.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 3705, no que solicita prórroga da licenza urbanística con expte. 99/07, que lle concedera a Xunta de Goberno Local en sesión de data 13.06.2007, para

construción dunha vivenda unifamiliar en Campos, parroquia de Teo; visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal en data 06.05.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:

PRIMEIRO.- Conceder a D. ENRIQUE FERRO PISOS (expte. P-4/2010), en base ao artigo 197.2 da Lei 9/2002, a prórroga solicitada por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado (tres anos).

SEGUNDO.- Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

LICENZAS DE APERTURA-DECRETO 133/08 PROVISIONAL.

3.1.- Visto o expediente instruido ao efecto por **D.MARCELINO e D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ** (expte. 14/09), para licenza de apertura/instalación dun local destinado a SUPERMERCADO, a emprazar en As Galanas "Xesteira", parroquia de Calo, e dada conta da Resolución de incidencia ambiental de data 25.02.2010 emitida polo Departamento Territorial de A Coruña- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:

PRIMEIRO.- Conceder a D.MARCELINO e D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, a licenza provisional para o establecemento dun local destinado a SUPERMERCADO, condicionada a súa instalación ao cumprimento dos seguintes requisitos conforme á Resolución de incidencia ambiental de data 25.02.2010 emitida polo Departamento Territorial de A Coruña- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, para o expediente núm. CO/0199/2009:

-.Os residuos urbanos ou asimilables entregaranse ao Concello ou empresa adxudicataria da xestión de residuos municipais nas condicións fixadas nas correspondentes ordenanzas.

-.No caso de que a entidade local xustificadamente obrigue á xestión dalgún tipo de residuo desta natureza á empresa, esta os xestionará a través de xestores autorizados de residuos sólidos urbanos.

-.Ademais deberá dispor dun número de contedores de capacidade suficiente para garantir a axeitada xestión dos residuos producidos que serán herméticos para residuos orgánicos.

-.En xeral para tódolos residuos que se xeren como consecuencia da instalación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.
-.No caso de xerar residuos perigoros, deberá solicita-la inscripción no Rexistro de Productores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeño productor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou solicita-la autorización de productor de residuos perigosos en caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da producción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, 29/06/2005).
-.Os envases adicados ó almacenamento de residuos perigosos e os seus peches deberán ser resistentes e estar en bo estado, e contar cos dipositivos adecuados que garantan a non existencia de fugas ou derrames sobre o chan, segundo o establecido no Real Decreto 833/88, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986 de residuos perigosos (BOE nº 182, 30/07/88). Así mesmo, os residuos perigosos deberán estar etiquetados segundo o establecido neste Real Decreto.
-.No caso de dispoñer dunha fosa séptica con infiltración no terreo, deberá solicitar perante o Organismo Autónomo Augas de Galicia a autorización de vertido por infiltración no terreo da súa fosa séptica. No caso de que a fosa séptica sexa estanca, deberá limpala periodicamente, xestionando os residuos cun xestor autorizado para a recolida e o transporte destes residuos.

Non se poderá comezar o exercicio da actividade ata que non sexa concedida a licenza definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar neste concello, a cal deberá ser favorable, xuntando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 647.4, por importe de: 550,51 euros.

TERCEIRO.- Que se notifique este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

LICENZA DE APERTURA –INÓCUA SEN PUBLICACIÓN

3.2.- Dada conta do escrito asinado por **D. ALBERTO MARIANO ESTÉVEZ**, en representación de **MASTERCRACK S.L.,** de data 30.12.2009, con rexistro de entrada no Concello núm. 12377, no que solicita licenza para o establecemento dun local destinado a ALMACÉN TEXTIL E MATERIAL DEPORTIVO, a emprazar en Urbanización As Torres, Bloque 1, Baixo 2, parroquia de Cacheiras.

Vista a documentación presentada, asinada polo arquitecto Pablo Castro Pais, visada no colexio correspondente o 23.12.2009 na que se inclue a certificación de solidez, e a acta de comprobación de data 06.05.2010 redactada polo arquitecto municipal e o arquitecto técnico municipal; e demais documentación obrante no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:

PRIMEIRO.- Conceder a D. ALBERTO MARIANO ESTÉVEZ, en representación de MASTERCRACK S.L. (expte. AP-3/10) a licenza que solicita, facendo responsable ao propietario do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 663.2 por importe de: 29,86 euros.

TERCEIRO.- Que se notifique este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

LICENZAS DE APERTURA-CAMBIO DE TITULARIDADE-TOMA DE COÑECEMENTO.

3.3.- Dada conta do escrito asinado por **Dª. MONSERRAT ABELLEIRO CUSIDO,** de data 30.04.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 3598, no que solicita o cambio de titularidade do establecemento dedicado a CAFÉ BAR, situado en Montouto, Edificio Estivada, Portal 1, Baixo, parroquia de Cacheiras, que viña sendo explotado por Dª. Nerea López Penas segundo licenza de apertura definitiva, expediente RAMINP nº 5/05, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08.10.2007, pasando ao seu nome, coa sinatura de conforme da anterior titular.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade do dito establecemento (expte CTE-2/10), pasando a nome de Dª. MONSERRAT ABELLEIRO CUSIDO, co nome comercial "VABEL", debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

SEGUNDO.- Que se notifique este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

4. CONTRATACIÓN.

4.1.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DE "CENTRO SOCIOCULTURAL TRANSPORTABLE E ACONDICIONAMENTO DE ZONAS VERDES E DEPORTIVAS. TEO, A CORUÑA" (FEESL).

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 19/05/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación mediante procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración, instruído como consecuencia da Providencia da Alcaldía de 10/03/2010, para adxudicar as obras de ***"CENTRO SOCIOCULTURAL TRANSPORTABLE E ACONDICIONAMENTO DE ZONAS VERDES E DEPORTIVAS. TEO, A CORUÑA",*** *por importe de* ***429.994,60 €*** *IVE (370.685,00 € de valor estimado do contrato mais 59.309,60 € de IVE) incluída no FEELS, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 15/03/2010*

Considerando que por acordo da Xunta de Goberno Local de 3/05/2010, adxudicouse provisionalmente a obra denominada ***"CENTRO SOCIOCULTURAL TRANSPORTABLE E ACONDICIONAMENTO DE ZONAS VERDES E DEPORTIVAS. TEO, A CORUÑA"*** *á empresa* ***JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, S.A.*** *CIF A-33509282, con estricta suxeición ao Prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, , polo prezo de* ***429.994,60*** *€, IVE engadido (370.685,00 € de valor estimado do contrato mais 59.309,60 € de IVE), fixando o prazo máximo de execución do contrato en 130 días naturais e o número total de persoas a ocupar pola empresa adxudicataria en 25 traballadores, sendo 10 integrados na empresa e 15 de nova contratación, que se atopen en situación legal de desemprego.*

Considerando que o citado acordo foi notificado aos licitadores e publicada no perfil do contratante do Concello de Teo, con data 4 de maio de 2010, transcorrendo o prazo de dez días hábiles establecido no artigo 96.2.b) da LCSP, prazo no que a empresa adxudicataria presentou a documentación á que fai referencia o artigo 135.4 da mesma LCSP.

Visto que se seguiron todos os trámites establecidos legalmente e considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido

na disposición adicional segunda da LCSP en relación co Decreto da Alcaldía de 03/07/2007(257/2007).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Adxudicar definitivamente a obra denominada* ***"CENTRO SOCIOCULTURAL TRANSPORTABLE E ACONDICIONAMENTO DE ZONAS VERDES E DEPORTIVAS. TEO, A CORUÑA"*** *á empresa* ***JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, S.A.*** *CIF A-33509282, con estricta suxeición ao Prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, , polo prezo de* ***429.994,60*** *€, IVE engadido (370.685,00 € de valor estimado do contrato mais 59.309,60 € de IVE), nas condicións fixadas no acordo de adxudicación provisional.*

Segundo.- *Nomear directores de obra os arquitectos -D. Jacobo Fernández Malde, DNI nº 32.807.352-Z, colexiado 2928, -D. Santiago Rey Conde, DNI nº 44.817.096-D, colexiado 3632 e -D. Ismael Ameneiros Rodriguez, DNI nº 32.666.848-V, colexiado 2318, todos eles membros da sociedade ITERARE ARQUITECTURA SLP, con CIF nº B 70210158, e domicilio na rúa Preguntoiro, 9- 2º D, 15704 Santiago de Compostela, e coordinador de seguridade e saúde ao enxeñeiro técnico D. PABLO XOSE POUSO IGLESIAS.*

Terceiro.- *Formalizar o contrato en documento administrativo de conformidade co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- *Notificar este Acordo ós licitadores sinalándolles os recursos procedentes, e publicala no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 138 da LCSP.*

Quinto.- *Dar traslado do Acordo ós departamentos de intervención e urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

Teo a 19 de maio de 2010

O Alcalde,

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a obra denominada **"CENTRO SOCIOCULTURAL TRANSPORTABLE E ACONDICIONAMENTO DE ZONAS VERDES E DEPORTIVAS. TEO, A CORUÑA"** á empresa **JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, S.A.** CIF A-33509282, con estricta suxeición ao Prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, , polo prezo de **429.994,60** €, IVE engadido (370.685,00 € de valor estimado do contrato mais 59.309,60 € de IVE), nas condicións fixadas no acordo de adxudicación provisional.

Segundo.- Nomear directores de obra os arquitectos -D. Jacobo Fernández Malde, DNI nº 32.807.352-Z, colexiado 2928, -D. Santiago Rey Conde, DNI nº 44.817.096-D, colexiado 3632 e -D. Ismael Ameneiros Rodriguez, DNI nº 32.666.848-V, colexiado 2318, todos eles membros da sociedade ITERARE ARQUITECTURA SLP, con CIF nº B 70210158, e domicilio na rúa Preguntoiro, 9- 2º D, 15704 Santiago de Compostela, e coordinador de seguridade e saúde ao enxeñeiro técnico D. PABLO XOSE POUSO IGLESIAS.

Terceiro.- Formalizar o contrato en documento administrativo de conformidade co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Notificar este Acordo ós licitadores sinalándolles os recursos procedentes, e publicala no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 138 da LCSP.

Quinto.- Dar traslado do Acordo ós departamentos de intervención e urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DE "INSTALACIÓN URBANA PARA A RECOLIDA SELECTIVA NOS TILOS E AUGAS MANSAS" (FEESL).

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 19/05/2010 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación mediante procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración, instruído como consecuencia da Providencia da Alcaldía de 10/03/2010, para adxudicar as obras de ***"INSTALACIÓN URBANA PARA A RECOLLIDA SELECTIVA NOS TILOS E AUGAS MANSAS"****, por importe de* ***178.947,31 €,*** *IVE engadido (154.264,92 € de valor estimado do contrato mais 24.682,39 € de IVE) incluída no FEELS, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 31/03/2010*

Considerando que por acordo da Xunta de Goberno Local de 3/05/2010, adxudicouse provisionalmente a obra denominada ***"INSTALACIÓN URBANA PARA A RECOLLIDA SELECTIVA NOS TILOS E AUGAS MANSAS"****, á empresa* ***FORMATO VERDE, S.L.,*** *con CIF B-15.494.388 con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, polo prezo de* ***178.947,31 €,*** *IVE engadido (154.264,92 € de valor estimado do contrato mais 24.682,39 € de IVE) fixando o prazo máximo de execución do contrato en de 60 días naturais e o número de persoas a ocupar pola empresa adxudicataria en 20 traballadores, sendo 10 integrados na empresa e 10 de nova contratación, nomeando director de obra ao arquitecto municipal D. Ignacio Soto González.*

Considerando que o citado acordo foi notificado aos licitadores e publicada no perfil do contratante do Concello de Teo, con data 4 de maio de 2010, transcorrendo o prazo de dez

días hábiles establecido no artigo 96.2.b) da LCSP, prazo no que a empresa adxudicataria presentou a documentación á que fai referencia o artigo 135.4 da mesma LCSP.

Visto que se seguiron todos os trámites establecidos legalmente e considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da LCSP en relación co Decreto da Alcaldía de 03/07/2007(257/2007).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Adxudicar definitivamente a obra denominada "**INSTALACIÓN URBANA PARA A RECOLLIDA SELECTIVA NOS TILOS E AUGAS MANSAS"** á empresa **FORMATO VERDE, S.L.,** con CIF B-15.494.388 con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, polo prezo de **178.947,31 €,** IVE engadido (154.264,92 € de valor estimado do contrato mais 24.682,39 € de IVE), nas condicións fixadas no acordo de adxudicación provisional.*

Segundo.- *Nomear coordinador de seguridade e saúde ao enxeñeiro técnico D. PABLO XOSE POUSO IGLESIAS.*

Terceiro.- *Formalizar o contrato en documento administrativo de conformidade co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- *Notificar este Acordo ós licitadores sinalándolles os recursos procedentes, e publicala no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 138 da LCSP.*

Quinto.- *Dar traslado do Acordo ós departamentos de intervención e urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

Teo a 19 de maio de 2010

O Alcalde,

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a obra denominada "**INSTALACIÓN URBANA PARA A RECOLLIDA SELECTIVA NOS TILOS E AUGAS MANSAS"** á empresa **FORMATO VERDE, S.L.,** con CIF B-15.494.388 con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, polo prezo de **178.947,31 €,** IVE engadido (154.264,92 € de valor estimado do contrato mais 24.682,39 € de IVE), nas condicións fixadas no acordo de adxudicación provisional.

Segundo.- Nomear coordinador de seguridade e saúde ao enxeñeiro técnico D. PABLO XOSE POUSO IGLESIAS.

Terceiro.- Formalizar o contrato en documento administrativo de conformidade co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Notificar este Acordo ós licitadores sinalándolles os recursos procedentes, e publicala no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 138 da LCSP.

Quinto.- Dar traslado do Acordo ós departamentos de intervención e urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4.3.- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE A RAMALLOSA.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 18/05/2010 que se recolle a continuación:

"***PROPOSTA DA ALCALDÍA***

*Visto o escrito presentado por Dona Maria del Carmen Cerqueiro Castiñeiras, en representación da Fundación de Estudios e Análises FESAN, adxudicataria do contrato de "**XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RAMALLOSA"**, rexistrado de entrada o 20/04/2010, co nº 3339, no que solicita prorroga do contrato de acordo co previsto Prego de cláusulas administrativas.*

Considerando que o contrato asinado entre a referida entidade e o Concello de Teo, para levar a cabo a xestión da escola infantil de A Ramallosa remata o 31 de xullo de 2010, tal como establece a cláusula terceira do contrato.

Considerando que o contrato pode ser prorrogado por un período de un ano se así o acordan as partes, tal como establece o Prego de cláusulas administrativas polo que se rexe o contrato, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 6/04/2009.

Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da citada Lei e no Decreto da Alcaldía de 03/07/2007 (257/2007).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Prorrogar o contrato de "**XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RAMALLOSA"**, subscrito entre o Concello de Teo e a Fundación FESAN, que remata o 31/07/2010, por un ano.*

Segundo.- *Notificar o presente a FESAN, sinalándolle os recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

Teo, 18 de maio de 2010

O Alcalde,

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de "**XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA RAMALLOSA"**, subscrito entre o Concello de Teo e a Fundación FESAN, que remata o 31/07/2010, por un ano.

Segundo.- Notificar o presente a FESAN, sinalándolle os recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde **A Secretaria**

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 7 DE XUÑO DE 2010 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:15 horas do día 7 de xuño de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Angel Manuel Rey Martínez

Non asiste, previa excusa:

D. Andrés Fernández Martínez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora: D.ª Monica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 19.04.2010, 03.05.2010, 10.05.2010 E 20.05.2010.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

4.- CONTRATACIÓN.

4.1.- ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA DE "ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN LOS TERRENOS DE LA SOCIEDAD DE AGRICULTORES Y GANADEROS DE CALO".

4.2.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS:

4.2.1.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA ESCOLA INFANTIL DE CALO.

4.2.2.-DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA OBRA "SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN REGOUFE".

4.3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS: "CONSTRUCCIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL, FEIL 2009".

4.4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS: "ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS".

5.- CONCESIÓN DE LICENZAS E LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS, RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIROS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 19.04.2010, 03.05.2010, 10.05.2010 E 20.05.2010.

Acta da sesión ordinaria do día 19 de abril de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19/04/2010.

Interveño eu, Secretaria, para sinalar que foi detectado un erro no punto 2 relativo á "Licenzas de actividade". Concretamente na páxina 28, cando se recolle, no apartado 2.2 a licencia de apertura-inócua sen publicación, refírese a *D. Juan José Barreiro López*, cando debería dicir *D. Juan Antonio Barreiro López.*

Non habendo máis observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes, coa corrección advertida, quedando o punto. 2.2.- redactado conforme se recolle a continuación.

*"**LICENZA DE APERTURA –INÓCUA SEN PUBLICACIÓN***

***2.2.-** Dada conta do escrito asinado por **D. JUAN ANTONIO BARREIRO LÓPEZ,** en representación de **FRUTAS BARREIRO S.L.**, de data 30.03.2009, con rexistro de entrada no Concello núm. 2460, no que solicita licenza para o establecemento dun local destinado á VENDA DE FRUTAS, VERDURAS E HORTALIZAS, a emprazar en Vilar de Calo, nº 10, parroquia de Calo. Vista a documentación presentada asinada polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez, visada no colexio correspondente o 9.03.2009 e as súas modificacións con visado de data 16.12.2009; o certificado técnico de solidez e seguridade, visado o 22.04.2009; o informe favorable da Consellería de Sanidade Departamento Territorial da Coruña de data 07.05.2009; a acta de comprobación de data 08.04.2010 redactada polo arquitecto municipal e o arquitecto técnico municipal; e demais documentación obrante no expediente; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:*

***Primeiro**.- Conceder a D. JUAN ANTONIO BARREIRO LÓPEZ, en representación de FRUTAS BARREIRO S.L. (expte. AP-8/09) a licenza que solicita, facendo responsable ao propietario do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.*

***Segundo.-** Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 612.3 por importe de: 136,85 euros".*

Acta da sesión ordinaria do día 3 de maio de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 03/05/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión extraordinaria do día10 de maio de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 10/05/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión extraordinaria do día 20 de maio de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 20/05/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. MARÍA DEL CARMEN CASAS BLANCO, no seu propio nome e en representación de **Dª. MERCEDES SANJURJO VÁZQUEZ e Dª. MARÍA MERCEDES VÁZQUEZ TORRES,** licenza para construción dun edificio de dúas vivendas unifamiliar adosadas, nas fincas nº 1092 e 1093 de Ameneiro, parroquia de Calo, segundo proxecto redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa.

Expediente núm: 106/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa: Proxecto Básico e de Execución para construción de edificio para dúas vivendas unifamiliar adosadas, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 28.04.2010. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto

produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: URTA.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Antonio Sabucedo Costa.
-Arquitecto técnico director: Arturo Miguel Para García.
-Coordinador de seguridade e saúde: Arturo Miguel Para García.
-Edificabilidade: 0,35 m^2/m^2 (p. Bruta).
-Altura máxima: B+1, 6,42 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 29,51% (p. Neta). Recuamento á aliñación: 13,50 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: >3,00 m. Pendente máxima de cuberta: 15,57 %. Altura do cumio: 1,97 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.
-Presuposto: 190.000,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.800,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 506,85 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.426,85 euros.

2.2. A D. TOMÁS OTERO FERREIRO, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar, en Guldrís, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Luis Sánchez Agustino.
Expediente núm: 107/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Luis Sánchez Agustino: Proxecto Básico de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 13.08.2009, Proxecto Básico reformado e de

Execución de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 04.03.2010. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: NT-G2.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: José Luis Sánchez Agustino.
-Arquitecto técnico director: Jaiver López da Vila.
-Coordinador de seguridade e saúde: Olivia Souto Freiria.
-Edificabilidade: 0,25 m^2/m^2 (p. Bruta).
-Altura máxima: B+1, 7,00 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 20,00% (p. Neta). Recuamento á aliñación: 13,12 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: >3,00 m. Pendente máxima de cuberta: 40 %. Altura do cumio: 2,00 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.
-Presuposto: 195.000,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.900,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 300,75 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 4.320,75 euros.

2.3. A Dª. RAQUEL SABORIDO FIAÑO, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar, en Pite, parroquia de Lucí, segundo proxecto redactado polo arquitecto Arturo Rodríguez Vilanova. Expediente núm: 108/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Arturo Rodríguez Vilanova: Proxecto Básico e de Execución de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 15.05.2010. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 261,39 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 321,39 euros.

2.21. A D. MARCOS REY PARDAL, licenza para obras de ampliación dun treito de 96 ml. da rede de saneamento, no lugar de A Silva, nº 28, parroquia de Lampai, para dar servizo á vivenda unifamiliar existente.

Figura no expediente fianza por importe de 1.000 € mediante ingreso na conta do Banco Gallego-sucursal de A Ramallosa-Teo, como garantía aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
Expediente núm: 126/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Repoñerá o pavimento en perfectas condicións, respetando as canalizacións e servizos urbanísticos existentes na zona.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 20,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 80,00 euros.

2.22. A D. CARLOS E D. ANTONIO BLANCO SEOANE, licenza para agrupación e segregación (dúas parcelas resultantes) de fincas A e B procedentes da nº 932 do plano de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, segundo proxecto presentado asinado polo técnico Arturo Rodríguez Vilanvoa
Expediente núm: 127/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Realizarase de acordo co proxecto presentado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

Total: 120 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

2.23.- Escrito presentado por **D. BALDUINO GONZÁLEZ CASTELO**, en representación de **SERVICIOS INTEGRALES OS CHAOS S.L.,** de data 06.05.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 3740, no que solicita licenza de primeira ocupación.

Vistos, o informe favorable do arquitecto municipal de data 28.05.2010, o informe xurídico de Secretaría de data 04.06.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda, conceder a D. BALDUINO GONZÁLEZ CASTELO, en representación de SERVICIOS INTEGRALES OS CHAOS S.L., a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-336-15/10), para unha vivenda unifamiliar (fase 3, vivenda 5) en Balcaide, parroquia de Calo, de un total de seis vivendas que figuraban na licenza outorgada, segundo obras executadas en base ás licenzas municipais núm. 367/05 e 122/09, de datas 28.11.2005 e 03.07.2006.

A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

LICENZAS DE APERTURA-DECRETO 133/08 PROVISIONAL.

3.1.- Visto o expediente instruido ao efecto por **D. SANTIAGO CODESIDO BARREIRO,** en representación de **ALMACENES CASÁN SAU.** (expte. 15/08), para licenza de apertura/instalación dun local destinado a SUPERMERCADO, a emprazar en A Ribeira "Silveira", parroquia de Cacheiras, e dada conta da Resolución de incidencia ambiental de data 08.04.2010 emitida polo Departamento Territorial de A Coruña- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos

presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:

PRIMEIRO.- Conceder a D. SANTIAGO CODESIDO BARREIRO, en representación de ALMACENES CASÁN SAU., a licenza provisional para o establecemento dun local destinado a SUPERMERCADO, condicionada a súa instalación ao cumprimento dos seguintes requisitos conforme á Resolución de incidencia ambiental de data 08.04.2010 emitida polo Departamento Territorial de A Coruña- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, para o expediente núm. CO/0087/2010:

-.Os residuos urbanos ou asimilables entregaranse ao Concello ou empresa adxudicataria da xestión de residuos municipais nas condicións fixadas nas correspondentes ordenanzas.

-.No caso de que a entidade local xustificadamente obrigue á xestión dalgún tipo de residuo desta natureza á empresa, esta os xestionará a través de xestores autorizados de residuos sólidos urbanos.

-.Ademais deberá dispor dun número de contedores de capacidade suficiente para garantir a axeitada xestión dos residuos producidos que serán herméticos para residuos orgánicos.

-.En xeral para tódolos residuos que se xeren como consecuencia da instalación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.

-.No caso de xerar residuos perigoros, deberá solicita-la inscripción no Rexistro de Productores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeño productor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou solicita-la autorización de productor de residuos perigosos en caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da producción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, 29/06/2005).

-.Os envases adicados ó almacenamento de residuos perigosos e os seus peches deberán ser resistentes e estar en bo estado, e contar cos dipositivos adecuados que garantan a non existencia de fugas ou derrames sobre o chan, segundo o establecido no Real Decreto 833/88, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986 de residuos perigosos (BOE nº 182, 30/07/88). Así mesmo, os residuos perigosos deberán estar etiquetados segundo o establecido neste Real Decreto.

-.En relación ao grupo electróxeno, se o seu funcionamento supera o 5% das horas de funcionamento da instalación completa deberá notificar a actividade da súa instalación perante a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, coa indicación expresa dos seus focos e das súas emisións, por tratarse dunha actividade potencialmente contaminadora da atmosfera, incluída no catálogo que figura no anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atamosfera, (B.O.E. núm. 275 do 16 de novembro de 2007), como pertencente ao grupo C, e en aplicacióndo artigo 13.

Non se poderá comezar o exercicio da actividade ata que non sexa concedida a licenza definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar neste concello, a cal deberá ser favorable, xuntando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 647.4, por importe de: 550,51 euros.

TERCEIRO.- Que se notifique este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

LICENZAS DE APERTURA-ACTIVIDADE CLASIFICADA DEFINITIVA

3.2.- Visto o expediente instruido ao efecto por **D. MANUEL IGLESIAS GARCÍA**, en representación de **PASTELERÍA SUEVIA S.L.**, con CIF/NIF: 33201454-B (expte. 6/97), para licenza de apertura dun local destinado a PANADERÍA E PASTELERÍA en Montouto, parroquia de Cacheiras e dada conta do informe favorable emitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade do 27.05.2010 e da acta de comprobación de data 06.05.2010 redactada polo arquitecto municipal e o arquitecto técnico municipal e asinada polo representante da empresa Dª. Manuel Iglesias García para o inicio da actividade; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:

PRIMEIRO.- Conceder a D. MANUEL IGLESIAS GARCÍA, en representación de PASTELERÍA SUEVIA S.L, a licenza definitiva para apertura dun local destinado a PANADERÍA E PASTELERÍA.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación definitiva dos dereitos devengados polo expediente (epígrafe 419.2) por importe de: 344,76 euros.

TERCEIRO.- Que se notifique este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

4.- CONTRATACIÓN.

4.1.- ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA DE "ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN LOS TERRENOS DE LA SOCIEDAD DE AGRICULTORES Y GANADEROS DE CALO"

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 01/06/2010 que se recolle a continuación:

"Considerando que, previa tramitación do expediente correspondente, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de maio de 2010, adxudicouse provisionalmente a obra de ***"ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN LOS TERRENOS DE LA SOCIEDAD DE AGRICULTORES Y GANADEROS DE CALO"****, á empresa* ***EULOGIO VIÑAL Obras y Construcciones, S.A.,*** *con CIF A-15.352.735, polo prezo de* ***204.269,86 €,*** *IVE engadido (176.094,71 € de valor estimado do contrato, máis 28.175,15 € de IVE).*

Considerando que o citado acordo foi debidamente notificado aos licitadores, sendo obxecto de publicación no perfil do contratante con data 04/05/2010, tal e como aparece acreditado no expediente.

Considerando que durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante do Concello de Teo, á empresa adxudicataria presentou a documentación á que se refire o artigo 135.4 da LCSP.

Visto que se seguiron tódolos trámites establecidos legalmente.

Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da citada Lei e no Decreto da Alcaldía de 03/07/2007(257/2007).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro*.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional da obra de* ***"ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN LOS TERRENOS DE LA SOCIEDAD DE AGRICULTORES Y GANADEROS DE CALO"****, á empresa* ***EULOGIO***

VIÑAL Obras y Construcciones, S.A., *con CIF A-15.352.735, con estrica suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, polo prezo de* ***204.269,86 €,*** *IVE engadido (176.094,71 € de valor estimado do contrato, máis 28.175,15 € de IVE), nas condicións fixadas no acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación provisional de 03/05/10.*

Segundo.- *Formalizar o contrato en documento administrativo de conformidade co previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- *Notificar o presente aos licitadores sinalándolle os recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de Intervención e ao departamento de urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos*

Cuarto*.- Publicar o presente no perfil do contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 138 da LCSP.".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional da obra de **"ACONDICIONAMENTO DE ÁREA RECREATIVA EN LOS TERRENOS DE LA SOCIEDAD DE AGRICULTORES Y GANADEROS DE CALO"**, á empresa **EULOGIO VIÑAL Obras y Construcciones, S.A.,** con CIF A-15.352.735, con estrica suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e a súa oferta, polo prezo de **204.269,86 €,** IVE engadido (176.094,71 € de valor estimado do contrato, máis 28.175,15 € de IVE), nas condicións fixadas no acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación provisional de 03/05/10.

Segundo.- Formalizar o contrato en documento administrativo de conformidade co previsto no Prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Notificar o presente aos licitadores sinalándolle os recursos procedentes, e dar traslado ao departamento de Intervención e ao departamento de urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos

Cuarto.- Publicar o presente no perfil do contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 138 da LCSP.

4.2.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS:

4.2.1.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA ESCOLA INFANTIL DE CALO

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 26/05/2010 que se recolle a continuación:

"*Vista a solicitude presentada en data 25/05/2010 por Dª Ana Isabel Naya García, en representación da empresa ANA NAYA GARCÍA SL, instando á devolución da garantía definitiva do contrato de xestión de servizos da escola infantil de Calo.*

Visto o auto do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Santiago de Compostela de data 08/04/2010, relativo a dito contrato.

Visto o informe favorable á devolución formulado pola Intervención municipal de data 26/05/2010 e, en aplicación do artigo 90 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, LCSP,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 4.800€, e, constituida para ó contrato de xestión de servizos da escola infantil de Calo asinado en data 29/02/2008 , e proceder á súa devolución á empresa ANA NAYA GARCÍA SL.

2º.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1º.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 4.800€, e, constituida para ó contrato de xestión de servizos da escola infantil de Calo asinado en data 29/02/2008, e proceder á súa devolución á empresa ANA NAYA GARCÍA SL.

2º.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

4.2.2.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA OBRA "SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN REGOUFE".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 26/05/2010 que se recolle a continuación:

"*Vista a solicitude de devolución de garantía definitiva presentada por D. Fernando Martín Fernandez, en representación de FERORSA SL de devolución de garantía definitiva do contrato de obra POS 2007.- SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN REGOUFE*

Visto o informe da Intervención municipal de data 26/05/2010 en aplicación dos arts. 43 a 44, 47 e 147 do RDL 2/2000, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o art. 65 do RD 1098/2001,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local:*

1.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 1.962,50 €, constituida por FERORSA SL correspondente ao contrato da obra POS 2007.-SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN REGOUFE, e a devolución da mesma ó adxudicatario.

2.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 1.962,50 €, constituida por FERORSA SL correspondente ao contrato da obra POS 2007.-SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN REGOUFE, e a devolución da mesma ó adxudicatario.

2.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

4.3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS: "CONSTRUCCIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL, FEIL 2009".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 03/06/2010 que se recolle a continuación:

"Vista a certificación de obra número 6 E DERRADEIRA da obra "CONSTRUCCIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL, FEIL 2009", asinada polos directores facultativos de obra, D. Manuel Carbajo Capeáns e D.Celso Barrios Ceide, e polo contratista ALDASA SLU de de data 10/02/2010, e a factura correspondente por un importe de 57.323,86 €,

Vista a fiscalización de conformidade da Intervención municipal de data 03/06/2010.

Propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar a certificación de obra nº 6 E DERRADEIRA correspondente á obra "CONSTRUCCIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL.-FEIL 2009" así como a factura número FE10 26 de data 20/05/2010, por importe de 57.323,86 €, e ordear o pagamento da mesma.

*2º.- Dar conta do presente Acordo á Intervención e á Tesourería municipais ós efectos oportunos***"**

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1º.- Aprobar a certificación de obra nº 6 E DERRADEIRA correspondente á obra "CONSTRUCCIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL.-FEIL 2009" así como a factura número FE10 26 de data 20/05/2010, por importe de 57.323,86 €, e ordear o pagamento da mesma.

2º.- Dar conta do presente Acordo á Intervención e á Tesourería municipais ós efectos oportunos.

4.4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS: "ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 01/06/2010 que se recolle a continuación:

"Vista a certificación de obra número 2 e última da obra PCC 2008/2011.-ABASECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS, asinada polo director facultativo de obra Ignacio Soto González, e polo contratista Martínez Montes e Hijos S.L. e de data 30/04/2010, e a factura correspondente por un importe de 57.879,63 €,

Vista a fiscalización de conformidade da Intervención municipal de data 31/05/2010.

Propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar a certificación de obra nº 2 E ÚLTIMA correspondente á obra PCC 2008/2011, ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS así como a factura número 050/10 de data 30/04/2010, por importe de 57.879,63 €, e ordear o pagamento da mesma.

2.- Dar conta do presente Acordo á Intervención e á Tesourería municipais aos efectos oportunos.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1.- Aprobar a certificación de obra nº 2 E ÚLTIMA correspondente á obra PCC 2008/2011, ABASTECEMENTO E SANEAMENTO EN XESTA-FOLGUEIRAS así como a factura número 050/10 de data 30/04/2010, por importe de 57.879,63 €, e ordear o pagamento da mesma.

2.- Dar conta do presente Acordo á Intervención e á Tesourería municipais aos efectos oportunos.

5.- CONCESIÓN DE LICENZAS E LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS, RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIROS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

5.1.- EXPTE. V2010019. PILAR PEREIRA DOCE. COM. PROPIETARIOS XARDÍN DE MONTOUTO BL. 3

Dase conta da proposta da Alcaldía de 12/04/2010, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

***ASUNTO**: Concesión de licenza e liquidación da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas, reserva da vía pública para aparcadoiros, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (**Expte. V2010019**).*

Vista a instancia de data 17/09/2009 e Rexistro de Entrada nº 8335, presentada por Com. Propietarios Xardín de Montouto Bl. 3, pola cal solicita a ocupación do dominio público por necesitar un vado para entrada a garaxe.

Visto o informe emitido ó respecto pola Policía Local, de data 10/02/2010.

Vista a proposta de liquidación da Tesourería de data 12/04/2010, da taxa de referencia.

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción de acordo nos seguintes termos:

***Primeiro**: Autorizar a ocupación do dominio público local solicitado, a favor de Com. Propietarios Xardín de Montouto Bl. 3, correspondente a 4 metros.*

***Segundo:** Aproba-la liquidación da taxa citada, segundo se reflicte de seguido:*

Espazo ocupado	***Período de ocupación***	
4,00 metros	*2º semestre 2010*	
TARIFA	***TAXA A PAGAR***	***IMPORTE PLACA***
1.b) 20 prazas	*80,16 €*	*Segundo factura*

“.

Visto o Informe-proposta da Tesourería de 12/04/2010, incorporado ao expediente.

Á vista da factura nº 10/040 de Rótulas Formas de suministro de placas de vado (rex. entrada nº 3219, de 16/04/2010), o importe unitario da placa sinal ascende a 13,80 €, máis ive (importe total unitario de 16 €).

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (BOP nº 300, de 31/12/2004 e BOP nº 162, de 15/07/2008).

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro: **Autorizar a ocupación do dominio público local solicitado, a favor de Com. Propietarios Xardín de Montouto Bl. 3, correspondente a 4 metros.**

Segundo: Aproba-la liquidación da taxa citada, segundo se reflicte de seguido:

Espazo ocupado	Período de ocupación	
4,00 metros	**2º semestre 2010**	
TARIFA	**TAXA A PAGAR**	**IMPORTE PLACA**
1.b) 20 prazas	**80,16 €**	**Segundo factura**

5.2. EXPTE. 2010025. BRAULIO ANCA COYA (COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA U-9-A DOS TILOS).

Dase conta da proposta da Alcaldía de 02/06/2010, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

***ASUNTO**: Concesión de licenza e liquidación da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas, reserva da vía pública para aparcadoiros, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (**Expte. 2010025**).*

Vista a instancia de data06/04/2010 e Rexistro de Entrada nº 2900, presentada por D. Braulio Anca Coya (Comunidade de Propietarios da U-9-A dos Tilos), pola cal solicita a ocupación do dominio público por necesitar un vado para entrada a garaxe.

Visto o informe emitido ó respecto pola Policía Local, de data 18/04/2010.

Vista a proposta de liquidación da Tesourería de data 01/06/2010, da taxa de referencia.

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción de acordo nos seguintes termos:

***Primeiro**: Autorizar a ocupación do dominio público local solicitado, a favor de D. Braulio Anca Coya (Comunidade de Propietarios da U-9-A dos Tilos), correspondente a 5,65 metros.*

***Segundo:** Aproba-la liquidación da taxa citada, segundo se reflicte de seguido:*

Espazo ocupado	*Período de ocupación*	
5,65 metros	*2º semestre 2010*	
TARIFA	***TAXA A PAGAR***	***IMPORTE PLACA***
1.b) 12 prazas	*83,03 €*	*Segundo factura*

".

Visto o Informe-proposta da Tesourería de 01/06/2010, incorporado ao expediente.

Á vista da factura nº 10/040 de Rótulas Formas de suministro de placas de vado (rex. entrada nº 3219, de 16/04/2010), o importe unitario da placa sinal ascende a 13,80 €, máis ive (importe total unitario de 16 €).

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (BOP nº 300, de 31/12/2004 e BOP nº 162, de 15/07/2008).

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro: Autorizar a ocupación do dominio público local solicitado, a favor de D. Braulio Anca Coya (Comunidade de Propietarios da U-9-A dos Tilos), correspondente a 5,65 metros.

Segundo: Aproba-la liquidación da taxa citada, segundo se reflicte de seguido:

Espazo ocupado	***Período de ocupación***	
5,65 metros	***2º semestre 2010***	
TARIFA	***TAXA A PAGAR***	***IMPORTE PLACA***
1.b) 12 prazas	***83,03 €***	***Segundo factura***

5.3. EXPTE. 2010026. PURIFICACIÓN BLANCO VARELA

Dase conta da proposta da Alcaldía de 02/06/2010, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

***ASUNTO**: Concesión de licenza e liquidación da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas, reserva da vía pública para aparcadoiros, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (**Expte. 2010026**).*

Vista a instancia de data 14/08/2008 e Rexistro de Entrada nº 7376, presentada por Dª Purificación Blanco Varela, pola cal solicita a ocupación do dominio público por necesitar un vado para entrada a garaxe.

Visto o informe emitido ó respecto pola Policía Local, de data 05/05/2010.

Vista a proposta de liquidación da Tesourería de data 01/06/2010, da taxa de referencia.

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción de acordo nos seguintes termos:

***Primeiro**: Autorizar a ocupación do dominio público local solicitado, a favor de Dª Purificación Blanco Varela, correspondente a 3,00 metros.*

***Segundo:** Aproba-la liquidación da taxa citada, segundo se reflicte de seguido:*

Espazo ocupado	***Período de ocupación***	
3,00 metros	*2º semestre 2010*	
TARIFA	***TAXA A PAGAR***	***IMPORTE PLACA***
1.a)	*19,04 €*	*Segundo factura*

".

Visto o Informe-proposta da Tesourería de 01/06/2010, incorporado ao expediente.

Á vista da factura nº 10/040 de Rótulas Formas de suministro de placas de vado (rex. entrada nº 3219, de 16/04/2010), o importe unitario da placa sinal ascende a 13,80 €, máis ive (importe total unitario de 16 €).

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (BOP nº 300, de 31/12/2004 e BOP nº 162, de 15/07/2008).

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro: Autorizar a ocupación do dominio público local solicitado, a favor de Dª Purificación Blanco Varela, correspondente a 3,00 metros.

Segundo: Aproba-la liquidación da taxa citada, segundo se reflicte de seguido:

Espazo ocupado	Período de ocupación	
3,00 metros	**2º semestre 2010**	
TARIFA	**TAXA A PAGAR**	**IMPORTE PLACA**
1.a)	**19,04 €**	**Segundo factura**

5.4. EXPTE. 2010027. ALBERTO GARCÍA FANDIÑO

Dase conta da proposta da Alcaldía de 02/06/2010, que se transcribe a continuación:

" PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Concesión de licenza e liquidación da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas, reserva da vía pública para aparcadoiros, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (**Expte. 2010027**).

Vista a instancia de data 27/03/2008 e Rexistro de Entrada nº 2285, presentada por D. Alberto García Fandiño, pola cal solicita a ocupación do dominio público por necesitar un vado para entrada a garaxe.

Visto o informe emitido ó respecto pola Policía Local, de data 05/05/2010.

Vista a proposta de liquidación da Tesourería de data 01/06/2010, da taxa de referencia.

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción de acordo nos seguintes termos:

Primeiro: Autorizar a ocupación do dominio público local solicitado, a favor de Dª Purificación Blanco Varela, correspondente a 3,90 metros.

Segundo: Aproba-la liquidación da taxa citada, segundo se reflicte de seguido:

Espazo ocupado	Período de ocupación	
3,90 metros	2º semestre 2010	
TARIFA	**TAXA A PAGAR**	**IMPORTE PLACA**
1.a)	24,75 €	Segundo factura

Visto o Informe-proposta da Tesourería de 01/06/2010, incorporado ao expediente.

Á vista da factura nº 10/040 de Rótulas Formas de suministro de placas de vado (rex. entrada nº 3219, de 16/04/2010), o importe unitario da placa sinal ascende a 13,80 €, máis ive (importe total unitario de 16 €).

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (BOP nº 300, de 31/12/2004 e BOP nº 162, de 15/07/2008).

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

Primeiro: **Autorizar a ocupación do dominio público local solicitado, a favor de Dª Purificación Blanco Varela, correspondente a 3,90 metros.**

Segundo: Aproba-la liquidación da taxa citada, segundo se reflicte de seguido:

Espazo ocupado	**Período de ocupación**	
3,90 metros	**2º semestre 2010**	
TARIFA	**TAXA A PAGAR**	**IMPORTE PLACA**
1.a)	**24,75 €**	**Segundo factura**

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

6.1. TERRAS DE COMPOSTELA

Dase conta da proposta da Alcaldía de 04/06/2010, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDIA

Á vista da comunicación recibida nesta Alcaldía por parte da Asociación Terras de Compostela, entidade nacida en prol do desenvolvemento económico e social na súa zona de actuación, que comprende os concellos de Santiago, Ames, Teo, Vedra, Boqueixón, Santa Comba, Negreira, Val do Dubra, Brión e A Baña, e que procura a participación de tódolos sectores e actores implicados no territorio

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO

- *Manifestar a vontade de adhesión deste concello á Asociación Terras de Compostela, na que actuará como representante de Teo o seu Alcalde-Presidente, ou concelleiro/a en quen delegue".*

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- **Manifestar a vontade de adhesión deste concello á Asociación Terras de Compostela, na que actuará como representante de Teo o seu Alcalde-Presidente, ou concelleiro/a en quen delegue.**

6.2. BOLSAS DE ENSINO E TRANSPORTE 2009/2010

Dase conta da proposta da Comisión Avaliadora de 24/05/2010, que se transcribe a continuación:

"INFORME-PROPOSTA DA COMISIÓN AVALIADORA DAS BOLSAS DE ENSINO E TRANSPORTE 2009/2010

ASUNTO: Corrección de erros da proposta de data 26/02/2010, e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/03/2010.

Unha vez completado o proceso de concesión de bolsas de estudo e transporte mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/03/2010, polo que se aproba a proposta da comisión avaliadora de data 26/02/2010, se comproba a existencia das seguintes incidencias:

1º.- Con data 08/03/2010 se presenta no rexistro xeral de entrada, escrito de Dª María Vazquez Rey, solicitante de beca de estudos universitarios, pola cal manifesta desacordo xa que foi excluída indebidamente por non estar empadroada, cando sí figuraba no padrón na data esixida polas bases.

A comisión avaliadora solicita informe á funcionaria responsable do padrón que acredita tal circunstancia; a inclusión da solicitante implica que o número de membros da unidade familar é un total de 5, xa que ten dúas irmáns.

Así, se debe recalcular a renda per cápita familiar, de xeito que pasa de 6.494,36€ a 5.195,45€, e a puntuación resultante para as tres irmáns pasa de 0 a 2 puntos.

Igualmente se comproba a documentación xustificativa de cada unha delas verificando que lles corresponden as seguintes cantidades:

María 200€

Marta 200€

Olaia 50€

A inclusión das becas destas tres irmáns na proposta, implica un incremento no apartado de bolsas de estudo, que pasaría de 29.640,36€ a 30.090,36€

2º.-Detéctase asimesmo un erro á hora de realizar o pago das axudas, xa que a beca correspondente a Daniel Moreira Loureiro se computa dúas veces (125€ x2) polo que na proposta e no acordo, hai un exceso de 125€, de xeito que o importe total das bolsas de transporte non é 5.275€ senón 5.150€.

Considerando que o crédito dispoñible para esta convocatoria 2009/2010, segundo a base sétima, ascendía a 35.000€ con cargo á partida 422/489.00. A suma total das becas concedidas na anterior proposta era de 34.915,36€, non excedendo o crédito total aprobado. Nembargantes, se se corrixen as incidencias, o crédito total necesario ascende a 35.240,36€, o que representa un exceso de 240,36€.

Dende a intervención municipal, que forma parte desta comisión avaliadora, se manifesta discrepancia non suspensiva, xa que, se ben existe crédito suficiente na partida 422/489.00 do orzamento para facer fronte a este gasto adicional, dito crédito non estaba contemplado nas bases aprobadas.

Unha vez considerada a observación anterior, e tendo en conta que a non inclusión das tres beneficiarias do apartado primeiro suporía un agravio comparativo respecto dos restantes socitantes e beneficiarios, **a comisión avaliadora propón á Xunta de Goberno Local o seguinte acordo de corrección de erros**, en aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro:

1º.-Aprobar a concesión de becas e estudo ás seguintes persoas e polos importes que se indican:

MARÍA VAZQUEZ REY.- 200€

MARTA VAZQUEZ REY.-200€

OLAIA VAZQUEZ REY.-200€

2º.- Suprimir na proposta de data 26/02/2010 e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/03/2010 a segunda bolsa de transporte a favor de DANIEL MOREIRA LOUREIRO por importe de 125€."

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

1º.-Aprobar a concesión de becas e estudo ás seguintes persoas e polos importes que se indican:

MARÍA VAZQUEZ REY.- 200€

MARTA VAZQUEZ REY.-200€

OLAIA VAZQUEZ REY.-200€

2º.- Suprimir na proposta de data 26/02/2010 e do acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/03/2010 a segunda bolsa de transporte a favor de DANIEL MOREIRA LOUREIRO por importe de 125€.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e corente e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde **A Secretaria**

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 21 DE XUÑO DE 2010 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 21 de xuño de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Angel Manuel Rey Martínez

Non asiste, previa excusa:

D. Rafael Sisto Edreira

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora: D.ª Monica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

2.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS, PAISAXÍSTICOS E DE ELEMENTOS PATRIMONIAIS NAS ÁREAS DE A BURGA, XIRIMBAO, MOUROMORTO, REIS E BAMONDE".

3.- CONCESIÓN DE LICENZAS E LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS, RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIROS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A Dª. SUSANA GARCIA-BAQUERO LÓPEZ, licenza para construción vivenda unifamiliar en Bustelo (Parcela 419-4), parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto Miguel del Río García.

Expediente núm: 128/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Miguel del Río García: Proxecto Básico e de Execución de construción dunha vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 20.05.2010. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02). O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.

- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto

produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: NT-G2.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Miguel del Río García.
-Arquitecto técnico director: Francisco Javier Alonso Ruibal.
-Coordinador de seguridade e saúde: Francisco Javier Alonso Ruibal.
-Edificabilidade: 0,15 m^2/m^2 (p. Bruta).
-Altura máxima: B, 3,59 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 14,69% (p. Neta). Recuamento á aliñación: 10,40 m. do eixe da vía. Recuamento a lindeiros: 3,00 m. Pendente máxima de cuberta: 1,50 %. Altura do cumio: <3,60 m. Aproveitamento baixo cuberta: Non.
-Presuposto: 78.000,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.560,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 1.740,00 euros.

1.2. A D. JUAN CARLOS FILGUEIRA OUTEIRO, licenza para construción de un cerre de 140 ml. con postes e tela metálica, na finca nº 100, polígono 2, de Vilar de Calo, parroquia de Calo.
Expediente núm: 129/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-O cerre retranquearase un mínimo de 5 metros ao eixe da pista pública.
-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

-Dará cumprimento das condicións de cerre en solo rústico que indica o artigo 42.1c da Lei 9/2002 limitando a altura da zona opaca a 1,50 metros e o resto, ata 2,20 m. con malla, celosía ou similar.
-Empregaranse materiais tradicionais propios do medio rural do entorno onde se atopen, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-As obras non modificarán as características topográficas do terreo nin afectarán ao sistema de regas e drenaxe das fincas.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 87,11 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 147,11 €.

1.3. A D. RAMIRO PORTO CALVO, licenza para construción de un cerre de 31 ml. con postes, bloques e alambre, no lugar de Tarrio, 14, parroquia de Recesende.
Expediente núm: 130/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
Cerre en solo de Núcleo Rural Tradicional NT-G2
-O valado manterá un recuamento paralelo a estrada e distará 5.00 m. respeto ao eixo da mesma.

-Os cerramentos de parcela non terán altura superior a 2,20 m., sobre o terreo en contacto coa cerca polo exterior. Presentarán unha franxa maciza de material digno (mampostería, formigón, tixolos cara vista ou albañilería revestida de material de cor e textura apropiada a paisaxe). A altura media maciza non será superior a 0,90 m., sen que nos puntos mais desfavorables pase de 1,30 m.

-Sobre o basamento opaco dispoñerase celosía lixeira, enreixado, balaustrada ou solucións semellantes, non mestas, podendo incorporar esteos ou columnas que, en ningún caso ocupan máis do 20% da superficie diáfana, nin estean a menos de 2 m. un doutro.

-Na formación de portadas de acceso poderase chegar a unha altura máxima de cerramento de 3 m. sobre a rasante oficial, nunha lonxitude que non supere os 5 m. de fronte, cun deseño que pode chegar ata ¾ partes de superficie opaca en alzado.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

Cerre en solo Non Urbanizable sen especial protección NU

-Dará cumprimento das condicións de cerre en solo rústico que indica o artigo 42.1c da Lei 9/2002 limitando a altura da zona opaca a 1,50 metros e o resto, ata 2,20 m. con malla, celosía ou similar.

-Empregaranse materiais tradicionais propios do medio rural do entorno onde se atopen, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

-As obras non modificarán as características topográficas do terreo nin afectarán ao sistema de regas e drenaxe das fincas.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da

conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 19,29 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 79,29 €.

1.4. A D. MANUEL DE CASTRO MEIJIDE, licenza para obras de retellado dunha vivenda unifamiliar de 120 m^2, situada na Rúa de Castro, nº 59 de Parque Montouto, parroquia de Cacheiras.
Expediente núm: 131/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.
-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais.
E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde **A Secretaria**

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- 19 DE XULLO DE 2010 -

Na Casa do Concello, as 13:15 horas do día 19 de xullo de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira.

D.ª Carmen Diéguez González.

D.ª Carme Hermida Gulías.

D. Andrés Fernández Martínez.

D. Ángel Manuel Rey Martínez.

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora: D.ª Mónica Lado Varela.

Secretaria Acctal: D.ª Pilar Sueiro Castro, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **LICENZAS URBANÍSTICAS.**
2. **CONTRATACIÓN.**

2.1 APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO".

2.2 APROBACIÓN DE FACTURA CORRESPONDENTE Á CERTIFICACIÓN Nº 5 DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PXOM.

2.3 DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DA EMPRESA *OFICINA DE PLANEAMENTO,* CORRESPONDENTES Ó CONTRATO DE REDACCIÓN DO PXOM.

3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
4. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A D. MANUEL FERNÁNDEZ ARES, licenza para construción dunha edificación auxiliar destinada a garaxe de 49,38 m^2, no lugar de Insua, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.

Expediente núm: 149/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Executárase de acordo co proxecto presentado, dando cumprimento das condicións do art. 104 e 42 da Lei 9/2002 e empregando materiais tradicionais.

-O uso será auxiliar da vivenda existente na mesma finca.

-Será obrigatorio empregar tella do país, segundo o artigo 104.c) da mencionada Lei, para harmonizar coa paisaxe. As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Dará cumprimento de tódolos parámetros urbanísticos de acordo coa ordenanza de núcleo rural tradicional e da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 202,55 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 262,55 euros.

1.2. A Dª. Mª OLGA RIVERA IGLESIAS, licenza para construción de un cerre de 126,70 ml. con bloque de formigón e arame, na finca nº 1293, polígono 508, de Cornide, parroquia de Calo.

Expediente núm: 150/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

Cerre en solo de Núcleo Rural Tradicional NT-G2

-O valado manterá un recuamento paralelo ao camiño e distará 5.00 m. respeto ao eixo da mesmo.

-Os cerramentos de parcela non terán altura superior a 2,20 m., sobre o terreo en contacto coa cerca polo exterior. Presentarán unha franxa maciza de material digno (mampostería, formigón, tixolos cara vista ou albañilería revestida de material de cor e textura apropiada a paisaxe). A altura media maciza non será superior a 0,90 m., sen que nos puntos mais desfavorables pase de 1,30 m.

-Sobre o basamento opaco dispoñerase celosía lixeira, enreixado, balaustrada ou solucións semellantes, non mestas, podendo incorporar esteos ou columnas que, en ningún caso ocupan máis do 20% da superficie diáfana, nin estean a menos de 2 m. un doutro.

-Na formación de portadas de acceso poderase chegar a unha altura máxima de cerramento de 3 m. sobre a rasante oficial, nunha lonxitude que non supere os 5 m. de fronte, cun deseño que pode chegar ata ¾ partes de superficie opaca en alzado.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

Cerre en solo Non Urbanizable sen especial protección NU

-Dará cumprimento das condicións de cerre en solo rústico que indica o artigo 42.1c da Lei 9/2002 limitando a altura da zona opaca a 1,50 metros e o resto, ata 2,20 m. con malla, celosía ou similar.

-Empregaranse materiais tradicionais propios do medio rural do entorno onde se atopen, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002.

-As obras non modificarán as características topográficas do terreo nin afectarán ao sistema de regas e drenaxe das fincas.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 78,83 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 138,83 €.

1.3. A D. ROGELIO CONDE RIVERA, licenza para obras de retellado dunha vivenda unifamiliar de 150 m^2, situada no lugar de Campos, nº 38, parroquia de Teo.

Expediente núm: 151/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:

-Artigo 9, referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Artigo 42, referido ás condicións xerais das edificacións en solo rústico.

-Artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo, polo cal deberase empregar tella curva cerámica pais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 99,09 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 159,09 euros.

1.4. A Dª. JOSEFINA GARCÍA RAÍCES, licenza para obras de retellado dunha vivenda de 60 m^2, situada no lugar de A Pedra, nº 22, parroquia de Recesende.

Expediente núm: 152/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:

-Artigo 9, referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Artigo 29, referido ás condicións xerais das edificacións en solo de núcleo rural.

-Artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo, polo cal deberase empregar tella curva cerámica pais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 37,33€.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 97,33 euros.

1.5. A Dª. HORTENSIA CASAL PASCUAL, licenza para obras de retellado dunha vivenda de 60 m^2, situada no lugar de A Pedra, nº 23, parroquia de Recesende.

Expediente núm: 153/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:

-Artigo 9, referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Artigo 29, referido ás condicións xerais das edificacións en solo de núcleo rural.

-Artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo, polo cal deberase empregar tella curva cerámica pais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 37,33€.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 97,33 euros.

1.6. A D. PABLO ALFONSÍN SANTOS, licenza para obras de retellado dunha vivenda unifamiliar de 60 m^2, situada na rúa Emilia Pardo Bazán, nº 2, Parque Montouto, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 154/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais.

-Darase cumprimento do artigo 9 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Segundo o artigo 104.c) da mencionada Lei, para harmonizar coa paisaxe "os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo".

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 37,33 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 97,33 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1.7.- Escrito presentado por **D. GONZALO FERNÁNDEZ MIRANDA**, en representación de **FERNÁNDEZ MIRANDA GONZALO S.L.N.E.,** de data 18.03.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 2302, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Vistos, o informe favorable do arquitecto municipal de data 12.06.2010, o informe xurídico de Secretaría de data 16.07.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda, conceder a D. GONZALO FERNÁNDEZ MIRANDA, en representación de FERNÁNDEZ MIRANDA GONZALO S.L.N.E., a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-333-16/10), para unha vivenda unifamiliar en Os Verxeles, parcela 50, parroquia de Oza, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 9/07, de data 23.02.2007.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 90,00 €.

1.8.- Escrito presentado por **D. GONZALO FERNÁNDEZ MIRANDA**, en representación de **FERNÁNDEZ MIRANDA GONZALO S.L.N.E.,** de data 18.03.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 2303, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Vistos, o informe favorable do arquitecto municipal de data 12.06.2010, o informe xurídico de Secretaría de data 16.07.2010 e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda, conceder a D. GONZALO FERNÁNDEZ MIRANDA, en representación de FERNÁNDEZ MIRANDA GONZALO S.L.N.E., a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-334-17/10), para unha vivenda unifamiliar en

Os Verxeles, parcela 51, parroquia de Oza, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 10/07, de data 23.02.2007.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 90,00 €.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-DENEGACIÓN DE LICENZA.
1.9. Visto o escrito asinado por **MODESTO VÁZQUEZ S.L.**, de data 22.12.2009, con rexistro de entrada número 12219, no que solicita licenza para o establecemento dun local de exposición, venta e reparación de maquinaria forestal, no lugar de Ameneiro, parroquia de Calo.
Visto o requirimento de subsanación de deficiencias, con rexistro de saída nº 522, de data 12.02.2010, reiterado o 02.07.2010. rex. saída nº 2360.
Vista a documentación presentada por D. Alfonso Iglesias Correa, en data 16.06.2010, rex. entrada nº 5389.
Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 13.07.2010, no que se expresa: "*Que supervisado o proxecto de actividade do local destinado a exposición, venta e reparación de maquinaria forestal situado no lugar de Ameneiro nº 4, Calo e redactado polo técnico D. Alfonso Javier Iglesias Correa, non cumpre ou non se xustifica axeitadamente a seguinte lexislación:*

.-Documento básico DB-SI-1.2. do código técnico da edificación, para locais e zonas de risco especial.

.-A instrucción ITC-BT-29 do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (RD 842/2002).

.-Regulamento das instalacións térmicas da edificación (1027/2007)."

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007) acorda:
Primeiro.- Denegar a licenza solicitada por MODESTO VÁZQUEZ S.L., en base ao informe do arquitecto técnico municipal do 13.07.2010, incorporado ao expediente.
Segundo.- Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.

2. - CONTRATACIÓN.

2.1.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E MELLORA DAS ZONAS VERDES E AXARDINADAS DO CONCELLO DE TEO".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local, da proposta da Alcaldía de data 16/07/2010, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación incoado por Providencia desta Alcaldía de data 08/07/2010, para adxudicar o servizo de ***conservación, mantemento e mellora das zonas verdes e axardinadas do Concello,*** *e incorporada ao expediente a seguinte documentación:*
- Prego de prescricións técnicas de 08/07/2010
- Prego de cláusulas administrativas particulares de 08/07/2010
- Certificado de existencia de crédito de 08/07/2010
- Informe de Adxunta a Secretaría de 14/07/2010
- Informe de Intervención de 14/07/2010

Considerando o disposto nos artigos 93, 141 a 145 e 277 a 288 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e sendo competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da citada Lei en relación co Decreto da Alcaldía de 15/04/2010 (248/2010).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro*.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de* ***"conservación, mantemento e mellora das zonas verdes e axardinadas do Concello"***
Segundo.- *Aprobar os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares de 8/7/2010, que rexerán a contratación.*

Terceiro*.- Aprobar o gasto correspondente ós meses de agosto a decembro de 2010 deste exercicio, por importe de* ***62.500,00 €,*** *IVE engadido, con cargo á partida orzamentaria 2010 171/226.99 do estado de gastos do vixente orzamento do Concello.*

Cuarto.- *Dispoñe-la apertura do procedemento de licitación, mediante procedemento aberto, con un varios criterios de adxudicación, publicando o anuncio no BOP e no perfil do contratante do Concello.*

Quinto.*- Nomear ós membros da Mesa de Contratación para a apertura de proposicións, de acordo coa base 12 do Prego de cláusulas administrativas particulares, que estará constituída da seguinte forma:*

Presidente*: O Alcalde ou concelleiro en quen delegue*
Vocais*:*
- Virginia Fraga Díaz, Secretaria Xeral do Concello, ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- Mónica Lado Varela, Interventora do Concello, ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

- Andrés Fernández Martínez, Concelleiro de Servizos Básicos ou concelleiro/a en quen delegue
- Un/ha concelleiro/a da oposición designada polo grupo municipal de INTEO
***Secretaria**: Mª Pilar Sueiro Castro, Adxunta a Secretaría. Suplente: Elena Méndez Buela, funcionaria do Concello*

En Teo, a 16 de xullo de 2010
O Alcalde
Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 248/10), acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de "conservación, mantemento e mellora das zonas verdes e axardinadas do Concello".

Segundo.- Aprobar os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares de 8/7/2010, que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente ós meses de agosto a decembro de 2010 deste exercicio, por importe de 62.500,00 €, IVE engadido, con cargo á partida orzamentaria 2010 171/226.99 do estado de gastos do vixente orzamento do Concello.

Cuarto.- Dispoñe-la apertura do procedemento de licitación, mediante procedemento aberto, con un varios criterios de adxudicación, publicando o anuncio no BOP e no perfil do contratante do Concello.

Quinto.- Nomear ós membros da Mesa de Contratación para a apertura de proposicións, de acordo coa base 12 do Prego de cláusulas administrativas particulares, que estará constituída da seguinte forma:

Presidente: O Alcalde ou concelleiro en quen delegue
Vocais:
- Virginia Fraga Díaz, Secretaria Xeral do Concello, ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- Mónica Lado Varela, Interventora do Concello, ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- Andrés Fernández Martínez, Concelleiro de Servizos Básicos ou concelleiro/a en quen delegue.
- Un/ha concelleiro/a da oposición designada polo grupo municipal de INTEO.
Secretaria: Mª Pilar Sueiro Castro, Adxunta a Secretaría. Suplente: Elena Méndez Buela, funcionaria do Concello.

2.2.- APROBACIÓN DE FACTURA CORRESPONDENTE Á CERTIFICACIÓN Nº 5 DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PXOM.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local, da proposta da Alcaldía de data 08/07/2010, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DA ALCALDIA

Vista a factura Nº A. 7/10 de data 15/04/2010 e por importe de 18.909,03€, equivalente ao 10% da certificación nº5 emitida por OFICINA DE PLANEAMIENTO SA, correspondente ao contrato de servizos de Redacción do Plan Xeral de Ordeación Municipal de Teo

Visto o informe de Intervención favorable emitido ao respecto, de data 08/07/2010.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar a factura nº A.7/10 de data 15/04/2010 correspondente ao 10% da certificación nº5, emitida por OFICINA DE PLANEAMIENTO SA, correspondente aos traballos de Redacción do Plan Xeral de Ordeación Municipal de Teo, por importe de 18.909,03 €.

2.- Dar conta do presente Acordo á Intervención e á Tesourería municipais ós efectos oportunos.

Teo, 8 de xullo de 2010.
O ALCALDE
Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía ((Resolución 248/10), acorda:

1.- Aprobar a factura nº A.7/10 de data 15/04/2010 correspondente ao 10% da certificación nº5, emitida por OFICINA DE PLANEAMIENTO SA, correspondente aos traballos de Redacción do Plan Xeral de Ordeación Municipal de Teo, por importe de 18.909,03 €.

2.- Dar conta do presente Acordo á Intervención e á Tesourería municipais ós efectos oportunos.

2.3.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DA EMPRESA *OFICINA DE PLANEAMENTO*, CORRESPONDENTES Ó CONTRATO DE REDACCIÓN DO PXOM.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local, da proposta da Alcaldía de data 07/07/2010, que se recolle a continuación.

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada en data 15/06/2010 por D. Anxel Viña Carregal, en representación da empresa OFICINA DE PLANEAMIENTO, instando á devolución dos seguintes avais correspondentes ao contrato de redacción do PXOM de Teo:

SEGURO DE CAUCIÓN, POR IMPORTE DE 9.593,11€ , depositado en data 10/05/2001.
AVAL BANCARIO , POR IMPORTE DE 1.807,75€, depositado en data 10/03/2004.
SEGURO DE CAUCIÓN, POR IMPORTE DE 1.896,45€, depositado en data 25/01/2008.
AVAL BANCARIO, POR IMPORTE DE 1.914,80€, depositado en data 16/07/2009.
Visto o informe do concelleiro de área, de data 07/07/2010, no que se pon de manifesto a inexistencia de incidencias que poidan dar lugar á incautación das garantías.

Visto o informe favorable á devolución formulado pola Tesourería municipal en data 07/07/2010,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Autorizar a cancelación dos avais referidos, e a sua devolución á empresa OFICINA DE PLANEAMIENTO, por parte da Tesourería Municipal.

2.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 7 de xullo de 2010.
O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 248/10), acorda:

1.- Autorizar a cancelación dos avais referidos, e a sua devolución á empresa OFICINA DE PLANEAMIENTO, por parte da Tesourería Municipal.

2.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e vinte e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria Acctal dou fe.

O Alcalde **A Secretaria Acctal.**

Martiño Noriega Sánchez Mª Pilar Sueiro Castro

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 26 DE XULLO DE 2010 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:15 horas do día 26 de xullo de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Non asiste, previa excusa:

D. Rafael Sisto Edreira

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

2.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA URBANÍSTICA.

3.- CONTRATACIÓN: DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DA EMPRESA *ASISTENCIA FOGAR DE TEO,* CORRESPONDENTES Ó CONTRATO DO SERVIZO DE ASISTENCIA DOMICILIARIA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da

Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A D. RICARDO ANEIROS RODRÍGUEZ, en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS U-17-A OS TILOS**, licenza para instalación de tres ascensores na U-17-A, portales 1, 2 e 3, segundo proxecto redactado polo arquitecto Ricardo Aneiros Rodríguez.

Expediente núm: 155/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto presentado visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 7.04.2010.

-Conforme ao apartado 4.1.10, do plan parcial de Os Tilos, a caixa do ascensor deberá estar inscrito dentro do espazo limitado polo plano de 45º dende a altura máxima.

-As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.819,80 €

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 260,85 €

Total: 4.080,65 euros.

1.2. A D. JOSÉ LUIS CESPÓN TEIRA, en representación de **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS U-16-A-1 OS TILOS**, licenza para instalación dun ascensor na U-16-A-1, segundo proxecto redactado pola arquitecta Mª Pilar García Alboreda.

Expediente núm: 156/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto presentado visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 12.02.2009 e 03.03.2010.

-Conforme ao apartado 4.1.10, a caixa do ascensor deberá estar inscrito dentro do espazo limitado polo plano de 45º dende a altura máxima.

-As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 496,40 €

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €

Total: 556,40 euros.

2.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA URBANÍSTICA.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 21/07/2010 que se recolle a continuación:

"*Vista a instancia presentada en data 30/06/2010, no rexistro xeral de entrada do concello, por D.Marcos Rey Pardal, polas cales solicita a devolución do aval presentado como garantía das obras de ampliación dun treito de 96 ml da rede de saneamento no lugar de A Silva,Lampai.*

Visto o informe favorable á devolución, formulado polo Arquitecto Técnico Municipal, Luis Javier Castro Martínez,de data 20/07/2010, e téndose comprobado a existencia de dito aval na Tesourería Municipal,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º.-Aprobar a devolución do aval referido, por importe de 1.000€ , a favor de D. Marcos Rey Pardal.

2º.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1º.-Aprobar a devolución do aval referido, por importe de 1.000€, a favor de D. Marcos Rey Pardal.

2º.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

3.- CONTRATACIÓN: DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DA EMPRESA *ASISTENCIA FOGAR DE TEO,* CORRESPONDENTES Ó CONTRATO DO SERVIZO DE ASISTENCIA DOMICILIARIA.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 20/07/2010 que se recolle a continuación:

"*Vista a solicitude presentada en data 29/06/2010 por Dª Pilar Martínez Fernández, en representación da empresa que anteriormente veu prestando o servizo de asistencia domiciliaria ASISTENCIA NO FOGAR DE TEO, instando á devolución da garantía definitiva do contrato de xestión citado.*

Visto o informe da Concelleira de Servizos Sociais de data 19/07/2010 no que se pon de manifesto a conformidade na execución do contrato.

Visto o informe favorable á devolución formulado pola Intervención municipal de data 19/07/2010 e, en aplicación do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, Texto Refundido da Lei de Contratos das AAPP.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 14.400€, e, constituida para ó contrato de xestión de servizos de asistencia domiciliaria asinado en data 23/03/2006, e proceder á súa devolución á empresa ASISTENCIA NO FOGAR DE TEO.

2º.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07), acorda:

1º.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 14.400€, e, constituida para ó contrato de xestión de servizos de asistencia domiciliaria asinado en data 23/03/2006, e proceder á súa devolución á empresa ASISTENCIA NO FOGAR DE TEO.

2º.- Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O Alcalde A Secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 2 DE AGOSTO DE 2010 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:20 horas do día 2 de agosto de 2010, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Non asisten, previa excusa:

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 05.07.2010, 19.07.2010 E 26.07.2010.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

3. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA

4. - ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 05.07.2010, 19.07.2010 E 26.07.2010.

Acta da sesión ordinaria do día 05 de xullo de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 05/07/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión ordinaria de 19 de xullo de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 19/07/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

Acta da sesión extraordinaria de 26 de xullo de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 26/07/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Decreto de 03/07/2007, nº 257/07, publicado no BOP nº 162, de 14/07/2007), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. JOSÉ NANDE REBOREDO, licenza para obras de retellado dun cuberto de 32 m^2 unido á vivenda e pintado das fachadas da mesma de 240 m^2, no lugar de Agoso, nº 48, parroquia de Oza.

Expediente núm: 157/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de planchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Manteranse os elementos de cantería, cachotería e carpintería característicos existentes.

-Os corpos voados pechados, galerías, miradoiros, e balcóns conservaranse coas dimensións e características dos existentes.

-As fachadas e muros de pedra manteranse vistos e os enfuscados manteranse pintados.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:

-Artigo 9, referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Artigo 29, referido ás condicións xerais das edificacións en solo de núcleo rural.

-Artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo, polo cal deberase empregar tella curva cerámica pais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 51,54 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 111,54 euros.

2.2. A D. VICENTE GINESTA GALÁN, licenza para obras de retellado dunha vivenda unifamiliar en 50 m^2, e colocación de canalón, na Rúa Concepción Arenal, nº 53, Parque Montouto, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 158/10.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais.

-Darase cumprimento do artigo 9 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Segundo o artigo 104.c) da mencionada Lei, para harmonizar coa paisaxe “os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.”.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 43,11 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 103,11 euros.

2.3. A D. MANUEL RODRÍGUEZ CORES, licenza para obras de retellado dunha vivenda de 106 m^2, no lugar de Eo dos Ferreiros, nº 14, parroquia de Oza.
Expediente núm: 159/10.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.
-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva pais.
-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como

das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de planchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:

-Artigo 9, referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Artigo 29, referido ás condicións xerais das edificacións en solo de núcleo rural.

-Artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo, polo cal deberase empregar tella curva cerámica pais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02).

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 65,95 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 125,95 euros.

